



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 333
16 de xuño de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 35877)

[130284](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 17222 (11/PPL-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de reforma do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

[130272](#)

■ 30480 (11/PPL-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei galega de residencias de maiores

[130272](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

■ 35353 (11/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a loita contra a endometriose (Moción consecuente á Interpelación doc. núm 34252, publicada no BOPG núm. 315, do 4 de maio de 2022 e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

[130273](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 35305 (11/MOC-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María



Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común (Moción consecuencia da Interpelación nº 30337, publicada no BOPG nº 277, do 16.02.2022, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2022)

[130273](#)

I 35314 (11/MOC-000100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33434, publicada no BOPG núm. 306, do 12 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

[130274](#)

I 35387 (11/MOC-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios (Moción consecuencia á Interpelación doc. núm 30478, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

[130274](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 23835 (11/PNP-002145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita

[130274](#)

I 33795 (11/PNP-002963)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental

[130275](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 9754 (11/PNP-000976)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios

[130275](#)



Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 34225 (11/PNP-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

[130276](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 35029 (11/PNP-003099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove

[130276](#)

I 35045 (11/PNP-003102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

[130276](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

I Declaración institucional sobre o Día mundial do cancro de próstata

[130277](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 35600 (11/PRE-010833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña

[130300](#)

I 35612 (11/PRE-010834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas nas listas de espera na Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés

[130304](#)



I 35619 (11/PRE-010835)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do proceso de concentración parcelaria do concello de Catoira

[130309](#)**I 35630 (11/PRE-010836)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a atención primaria nos centros de saúde da comarca da Barbanza

[130313](#)**I 35636 (11/PRE-010837)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a cesión por parte da Xunta de Galicia do pavillón do Centro de Educación Infantil e Primaria da Anexa de Lugo á Facultade de Maxisterio

[130319](#)**I 35653 (11/PRE-010838)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre o incremento de casos de submisión química a mulleres advertidas polo persoal sanitario e as previsións do Servizo Galego de Saúde de estender o protocolo do Centro Hospitalario Universitario de Ourense para detectar estes casos

[130322](#)**I 35663 (11/PRE-010839)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre o conxunto das posibilidades de pesca da frota artesanal galega para 2022

[130324](#)**I 35678 (11/PRE-010840)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as medidas de protección previstas pola Xunta de Galicia para o espazo natural das Brañas do Deo nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis e as previsións de incluír este espazo na Rede Natura 2000

[130329](#)**I 35689 (11/PRE-010841)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para atender as necesidades ambientais de saneamento de augas residuais do rural

[130333](#)**I 35694 (11/PRE-010842)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para darlle saída ao porto seco de Monforte cara á N-120

[130337](#)

I 35703 (11/PRE-010843)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de asumir as reformas estruturais da súa competencia que precisan os centros educativos públicos da cidade de Vigo de máis de cincuenta anos

[130340](#)**I 35707 (11/PRE-010844)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a Rede galega de atención temperá e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a debida atención das nenas e nenos con trastornos de desenvolvemento

[130342](#)**I 35714 (11/PRE-010845)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a recuperación do peto das ánimas de Doade, en Beariz

[130345](#)**I 35718 (11/PRE-010846)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de abastecemento de auga

[130348](#)**I 35728 (11/PRE-010847)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a incorporación dos estudos do bacharelato de Artes de cara ao curso 2023/2024 á oferta educativa do Baixo Miño

[130352](#)**I 35731 (11/PRE-010848)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o contido emitido no programa *Fun polo aire* da Televisión de Galicia o 7 xuño a respecto da cirurxía estética

[130355](#)**I 35741 (11/PRE-010849)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dotar de máis medios a Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Bergantiños

[130358](#)**I 35756 (11/PRE-010850)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha un plan para favorecer a emancipación da mocidade [130362](#)

I 35763 (11/PRE-010851)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade [130367](#)

I 35770 (11/PRE-010852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre as enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore [130370](#)

I 35773 (11/PRE-010853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as carencias da programación infantil na Corporación Radio e Televisión de Galicia [130375](#)

I 35781 (11/PRE-010854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego de incluír unha ambulancia no concurso de transporte sanitario para a comarca do Deza no ano 2023 [130380](#)

I 35787 (11/PRE-010855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a actividade da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia [130383](#)

I 35792 (11/PRE-010856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a sentenza que condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia polo despedimento dun directivo [130387](#)

I 35799 (11/PRE-010857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do anuncio do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do Mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira na comarca da Limia [130390](#)

I 35818 (11/PRE-010858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis



Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do avellentamento dos cadros docentes das tres universidades galegas [130393](#)

I 35823 (11/PRE-010859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de empregar a cociña escolar municipal do Centro de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes para mellorar o servizo e os menús en todos os colexios do municipio de Nigrán e da súa contorna [130395](#)

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

I 27341 (11/PRE-010049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022 [130281](#)

I 32532 (11/PRE-010452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Filmoteca de Galicia [130281](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

I 35698 - 8093 (11/PRE-006880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal, en Vigo [130398](#)

I 35748 - 25804 (11/PRE-007291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino [130401](#)

I 35749 - 25803 (11/PRE-008630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino [130405](#)

I 35750 - 25802 (11/PRE-009983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

[130409](#)

I 35747 - 34296 (11/PRE-010663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

[130413](#)

I 35746 - 34491 (11/PRE-010682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

[130419](#)

I 35745 - 34521 (11/PRE-010685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021

[130423](#)

I 35744 - 34552 (11/PRE-010688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade

[130427](#)

I 35743 - 34969 (11/PRE-010745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vicensenzo da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

[130431](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

En relación coa cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia, a Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do día 15 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Examinado o escrito presentado e dado que se axusta aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emenda á totalidade de devolución

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 35877)

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 14 de xuño de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración:

- 17222 (11/PPL-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de reforma do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

BOPG nº 155, do 16.06.2021

Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 30480 (11/PPL-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei galega de residencias de maiores

BOPG nº 277, do 16.02.2022



Sometida a votación, obtense o resultado de 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstencións, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación con modificacións

- 35353 (11/MOC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a loita contra a endometriose (Moción consecuenta á Interpelación doc. núm 34252, publicada no BOPG núm. 315, do 4 de maio de 2022 e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

BOPG nº 325, do 01.06.2022

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 1 e 2: aprobados pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Punto 3: rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego, e en particular a Consellería de Sanidade, a:

1. Que, antes de rematar a presente lexislatura, estean cumpridos na súa integridade os acordos acadados por unanimidade da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, nas sesións celebradas o 22 de abril de 2015 e o 18 de marzo de 2021, para a loita contra a endometriose, comprometendo partidas orzamentarias específicas nos orzamentos para levalos a termo.

2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, antes de rematar esta lexislatura, se elabore unha guía galega de atención á endometriose, incluíndo nela os datos sobre as características das consultas específicas de endometriose; os datos sobre o seu funcionamento, incluíndo o número de profesionais que as conforman; as pacientes atendidas,... derivacións, formación impartida sobre a patoloxía e todos aqueles datos que poidan ser de interese.»

Rexeitamento da iniciativa

- 35305 (11/MOC-000099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común (Moción consecuencia da Interpelación nº 30337, publicada no BOPG nº 277, do 16.02.2022, e debatida na sesión plenaria do 25.05.2022)

BOPG nº 325, do 01.06.2022



Sométese a votación por puntos, co seguinte resultado:

Punto 3: rexeitado por 19 votos a favor, 55 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos restantes: rexeitados por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.

- 35314 (11/MOC-000100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33434, publicada no BOPG núm. 306, do 12 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

BOPG nº 325, do 01.06.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 35387 (11/MOC-000102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a distribución de fondos públicos a entidades locais mediante convenios (Moción consecuencia á Interpelación doc. núm. 30478, publicada no BOPG núm. 282, do 24 de febreiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 24 de maio)

BOPG nº 325, do 01.06.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 23835 (11/PNP-002145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Ministerio do Interior da articulación dun concurso de méritos na Policía Nacional para cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita

BOPG nº 218, do 28.10.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que por parte do Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Policía, se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando.»

- 33795 (11/PNP-002963)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa tramitación ambiental dos parques eólicos e a non aplicación dos criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental BOPG nº 312, do 27.04.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 59 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que non se apliquen os criterios do Real decreto lei 6/2022 para eliminar en determinados parques eólicos o procedemento de avaliación ambiental, o trámite de información pública e as peticións de informes sectoriais que permiten unha axeitada tramitación ambiental.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 9754 (11/PNP-000976)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia a Galicia da xestión da autoestrada AP-9 e das outras competencias reflectidas nos acordos parlamentarios (Procedemento de urxencia) BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución manter a defensa da proposición de lei de transferencia de competencias da AP-9 nos termos en que foi aprobada por unanimidade polo Pleno e instar os grupos políticos a que axilicen a súa probación polo Congreso dos Deputados.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta a reiterar diante do Goberno do Estado a demanda da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para impulsar a transferencia da titularidade da au-



toestrada AP-9, da ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras comunidades autónomas.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 34225 (11/PNP-003011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de informar o Parlamento sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia BOPG nº 315, do 04.05.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Informar o Parlamento galego sobre a creación da Comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia, que a propia lei establece que se constituiría no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

2º) Informar o Parlamento de Galicia do Plan de acción anual para 2022 das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación de obxectivos, o orzamento, os recursos materiais e humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Un informe, que segundo a lei, debería ser publicado na páxina web de Agader, incluíría, como mínimo, as actuacións do Banco de Terras de Galicia e do Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación á Comisión de Seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación da terra agraria.»

Rexeitamento da iniciativa

- 35029 (11/PNP-003099)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa redacción do Plan especial do porto de Cambados, a tramitación da desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria e a garantía da permanencia das depuradoras radicadas en Tragove BOPG nº 323, do 25.05.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 35045 (11/PNP-003102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para rematar coa precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais
BOPG nº 323, do 25.05.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 14 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Declaración institucional sobre o Día mundial do cancro de próstata

«Cada 11 de xuño celébrase o Día mundial do cancro de próstata, un cancro que é un crecemento atípico e descontrolado das células que conforman a glándula prostática, segundo expón a Asociación Española de Uroloxía (AEU).

Segundo os datos publicados no estudio *As cifras do cancro en España 2022*, da Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM), o cancro de próstata foi o cuarto tumor máis frecuente diagnosticado no mundo no ano 2020.

En España prevese que este ano o cancro de próstata será tamén o cuarto tumor máis diagnosticado. Ademais, foi o máis prevalente en homes en 2020, con máis de 120.000 casos.

Queremos poñer de manifesto a importancia de levar uns hábitos de vida saudables, pois os factores endócrinos, dietéticos e os relacionados co estilo de vida poderían favorecer a aparición deste tumor, segundo pon de manifesto a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR), no seu *Manual práctico de oncoloxía radioterápica*.

Non podemos esquecernos do factor de risco máis importante, segundo a Asociación Española de Uroloxía, que é a idade, xa que a enfermidade tende a desenvolverse en homes maiores de 50 anos, sendo a media de idade ao diagnóstico arredor dos 69 anos. Os antecedentes familiares tamén son un factor de risco para padecelo.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio aos doentes con cancro de próstata e aos seus familiares, á investigación como instrumento imprescindible na loita contra esta enfermidade, e trasladamos o noso recoñecemento a todas e todos os profesionais que asesoran e que traballan día a día para mellorar a calidade de vida dos doentes con cancro de próstata.»

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de xuño de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 35600 (11/PRE-010833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña

- 35612 (11/PRE-010834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas nas listas de espera na Área Sanitaria Pontevedra e O Salnés

- 35619 (11/PRE-010835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do proceso de concentración parcelaria do concello de Catoira

- 35630 (11/PRE-010836)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a atención primaria nos centros de saúde da comarca da Barbanza

- 35636 (11/PRE-010837)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a cesión por parte da Xunta de Galicia do pavillón do Centro de Educación Infantil e Primaria da Anexa de Lugo á Facultade de Maxisterio

- 35653 (11/PRE-010838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o incremento de casos de submisión química a mulleres advertidas polo persoal sanitario e as previsións do Servizo Galego de Saúde de estender o protocolo do Centro Hospitalario Universitario de Ourense para detectar estes casos

- 35663 (11/PRE-010839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre o conxunto das posibilidades de pesca da frota artesanal galega para 2022

- 35678 (11/PRE-010840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas de protección previstas pola Xunta de Galicia para o espazo natural das Brañas do Deo nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis e as previsións de incluír este espazo na Rede Natura 2000

- 35689 (11/PRE-010841)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para atender as necesidades ambientais de saneamento de augas residuais do rural

- 35694 (11/PRE-010842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para darlle saída ao porto seco de Monforte cara á N-120

- 35703 (11/PRE-010843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de asumir as reformas estruturais da súa competencia que precisan os centros educativos públicos da cidade de Vigo de máis de cincuenta anos

- 35707 (11/PRE-010844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a Rede galega de atención temperá e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a debida atención das nenas e nenos con trastornos de desenvolvemento

- 35714 (11/PRE-010845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a recuperación do peto das ánimas de Doade, en Beariz

- 35718 (11/PRE-010846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de abastecemento de auga



- 35728 (11/PRE-010847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a incorporación dos estudos do bacharelato de Artes de cara ao curso 2023/2024 á oferta educativa do Baixo Miño

- 35731 (11/PRE-010848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o contido emitido no programa *Fun polo aire* da Televisión de Galicia o 7 xuño a respecto da cirurxía estética

- 35741 (11/PRE-010849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dotar de máis medios a Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Bergantiños

- 35756 (11/PRE-010850)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en marcha un plan para favorecer a emancipación da mocidade

- 35763 (11/PRE-010851)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

- 35770 (11/PRE-010852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre as enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore

- 35773 (11/PRE-010853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as carencias da programación infantil na Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 35781 (11/PRE-010854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións do Goberno galego de incluír unha ambulancia no concurso de transporte sanitario para a comarca do Deza no ano 2023



- 35787 (11/PRE-010855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a actividade da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

- 35792 (11/PRE-010856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a sentenza que condena a Corporación Radio e Televisión de Galicia polo despedimento dun directivo

- 35799 (11/PRE-010857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do anuncio do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico coa publicación no *Boletín Oficial del Estado* do Mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira na comarca da Limia

- 35818 (11/PRE-010858)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do avellentamento dos cadros docentes das tres universidades galegas

- 35823 (11/PRE-010859)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de empregar a cociña escolar municipal do Centro de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes para mellorar o servizo e os menús en todos os colexios do municipio de Nigrán e da súa contorna

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 27341 (11/PRE-010049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do fondo para a promoción da cinematografía en linguas cooficiais incorporado aos orzamentos xerais do Estado para 2022

BOPG nº 262, do 24.01.2022

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 35961, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 32532 (11/PRE-010452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da Filmoteca de Galicia

BOPG nº 301, do 31.03.2022

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 35962, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 35698 - 8093 (11/PRE-006880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal, en Vigo (procedemento urxente)

- 35748 - 25804 (11/PRE-007291)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

- 35749 - 25803 (11/PRE-008630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

- 35750 - 25802 (11/PRE-009983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

- 35747 - 34296 (11/PRE-010663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense

- 35746 - 34491 (11/PRE-010682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

- 35745 - 34521 (11/PRE-010685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da Comisión de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021

- 35744 - 34552 (11/PRE-010688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e os tempos de agarda para a avaliación da discapacidade

- 35743 - 34969 (11/PRE-010745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vincenzo da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2022

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia [11/PL-000014 (doc. núm. 35140)]**, en base ás seguintes consideracións:

1. Falta de diagnose inicial

O desenvolvemento das áreas empresariais en Galiza nas últimas décadas foi variando a súa intensidade e modelo, de forma que o parque actual de solo industrial é resultado das distintas fases que atravesou. Da primeira etapa, impulsada no contexto do *desarrollismo* até 1970, destaca a promoción de polígonos industriais de gran superficie; a segunda etapa, entre a década dos 1970 e 1980, caracterizouse por un descenso significativo da promoción de solo empresarial; a terceira etapa, a partir da década de 1990, supuxo un grande investimento en solo industrial, que chegou a incrementarse un 156% na década seguinte. Esta segunda vaga de forte desenvolvemento de solo industrial caracterizouse por un cambio respecto á primeira en cuanto á tipoloxía e á dispersión territorial. Logo da crise financeira de 2007 a evolución de solo empresarial volveu experimentar unha deceleración. Por tanto, a evolución do solo industrial en Galiza foi un proceso cambiante que deixa realidades diversas sobre o xa construído. Resulta chamativo que esta lei non entre a facer ningún tipo de diagnose sobre este proceso, nin a valorar as diversas necesidades do actual parque empresarial no presente.

Por outra banda, a planificación do desenvolvemento de solo industrial a futuro xa viña definida polo Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galiza, aprobado en 2014. Nese documento estratéxico definíanse varios obxectivos, entre eles





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o de cubrir o déficit de solo empresarial, para o cal se prevía pasar dos 18.075.800 m² de superficie de solo industrial promovido polo IGVS, XESTUR e SEA que estaban en funcionamento en 2012, a 44.162.624 m² para 2024. Logo de oito anos en funcionamento deste plan sectorial, e a tan só dous anos de chegar á data obxectivo que nel se marcaba, parecería oportuno realizar unha avaliación do seu cumprimento e facer un diagnóstico da tendencia actual en canto á superficie e localización da promoción de solo industrial. Antes de propor calquera liña de actuación sería preciso coñecer o problema e ter un diagnóstico certo das principais fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas no desenvolvemento do solo industrial e da consolidación e dinamismo empresarial do xa executado. Porén, este Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia descoñece tanto o proceso cambiante do desenvolvemento das áreas empresariais no noso país nas últimas décadas, como as consecuencias da implementación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia actualmente vixente.

Tampouco se avalían as causas do crecente proceso de deslocalización e perda de industria en relación co solo empresarial, un problema que está a ter un enorme impacto en determinados sectores e áreas, como por exemplo no sector vinculado á automoción na comarca de Vigo. Evidénciase pois, unha falta de vontade do goberno por facer un diagnóstico e tirar conclusións sobre a situación actual e os retos de futuro en cuanto ao desenvolvemento de novo solo empresarial e a xestión e mellora das áreas empresariais existentes.

Pola contra, esta lei fórmulase apenas co obxectivo de legislar fundamentalmente aspectos ligados ao procedemento de tramitación do solo empresarial, mais sen ningunha vocación de responder aos grandes retos sobre o modelo de áreas empresariais, os mecanismos que se precisan para a súa dinamización, os





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patróns de localización ou sobre como lograr un maior retorno económico e social dos investimentos. Unha lei, en definitiva, sen diagnose, que non proporciona solucións.

2 Enfoque e obxectivos errados

A elaboración dunha lei específica sectorial de áreas empresariais non se debera xustificar, ao noso entender, pola necesidade de regular apenas o procedemento de tramitación dos instrumentos de planificación, pois a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, recentemente aprobada e que substitúe a de 1995, xa proporcionaba o marco normativo que permitía desenvolver estes instrumentos. De feito, o propio Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia de 2014 é resultado desa lei e contaba por súa vez cun desenvolvemento normativo aprobado ese mesmo ano. Ao noso entender, a verdadeira razón de ser dunha lei específica sobre as áreas empresariais debera residir fundamentalmente na definición dun modelo de áreas empresariais que responda ás necesidades do contexto actual e á vontade de orientar a planificación e xestión do solo empresarial.

Achamos que é a falta de diagnóstico a que aludimos anteriormente a que implica este enfoque errado da lei, que pretende apenas abordar aspectos vinculados á tramitación dos instrumentos e renuncia a propor solucións innovadoras que permitan valorizar e optimizar as áreas empresariais. Destacamos tres piares fundamentais sobre os que esta lei debera aportar solucións, mais que desatende por completo.

Primeiro, esta lei renuncia a establecer unha maior relación entre a promoción de solo industrial e as políticas de promoción económica. O tratamento diferenciado destes dous aspectos, que na práctica están estreitamente vinculados, é unha característica do desenvolvemento normativo galego, que noutras CCAA se ten resolto con solucións de carácter máis integral. Resulta evidente que o impulso de solo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industrial por si só, sen unha dinamización económica, non vai lograr impulsar a reactivación e transformación económica que o país precisa. A renuncia a promover auténticas políticas de planificación e impulso económico por parte do actual goberno da Xunta de Galiza reflíctese nesta lei na falta de definición do modelo económico e de tecido empresarial que se persecue e de mecanismos concretos que permitan articular promoción de solo e modelo económico e empresarial.

Segundo, esta lei renuncia a establecer unha planificación territorial sobre todas as actuacións. O novo instrumento que se fixa dos Plans Estruturantes de ordenación de solo empresarial permite a tramitación de áreas empresariais á marxe do Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia. É dicir, que o instrumento fundamental para a planificación territorial destas áreas só rexe para unha parte delas, ao tempo que se permite que outras non previstas no plan sectorial poidan tramitarse igualmente de forma exprés, sen atender a excesivos criterios territoriais. A única documentación a maiores que requiren estes plans non previstos no plan sectorial, ao respecto dos que si se derivan da planificación global sectorial, é unha xustificación da idoneidade da localización, da coherencia coa planificación vixente e unha consideración de prevención e minimización dos posibles efectos adversos. Por tanto substitúese o rol da planificación do plan sectorial por un trámite onde non se definen criterios territoriais específicos, deixando a porta aberta a que case calquera solución proposta poida ser validada.

Terceiro, esta lei renuncia tamén a deseñar e propor solucións específicas e innovadoras en canto aos tipos de áreas empresariais. O modelo de áreas empresariais mudou enormemente como consecuencia dos procesos de metropolitanización e da introdución das tecnoloxías da información e da comunicación. Nas últimas décadas existe unha crecente localización especializada dun conxunto de actividades que provocan unha tematización en áreas de excelencia, como poden ser os parques de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ciencia ou tecnoloxía. Igualmente, a importancia crecente da loxística está a influenciar no desenvolvemento das áreas empresariais. Porén, este Proxecto de lei non entra en ningún momento a contemplar esta diversidade de tipoloxías de áreas empresariais. De feito, a única clasificación que fai das mesmas no art. 7 só distingue áreas de carácter estratéxico, áreas supracomarcais e áreas comarcais, unha clasificación que nin tan sequera vincula cada unha destas áreas cunha posición específica no sistema territorial, xa que só indica unha relación de preferencia mais non de obrigatoriedade de localización. Na práctica esta clasificación serve apenas para establecer a categoría de “áreas de carácter estratéxico”, que a lei prevé que poidan desenvolverse á marxe do plan sectorial e que estarán preferentemente asociadas ás rexións urbanas, mais non deberán localizarse nelas necesariamente.

Como se observa, a clasificación que propón este proxecto de lei das áreas empresariais non responde a unha resposta innovadora dos tipos de áreas empresariais, que deba impulsar o goberno galego, senón á procura de mecanismos que lles permitan a determinados proxectos desvinculárense de criterios de interese público. E velaquí o que é realmente o obxectivo da lei: establecer cauces normativos que permitan tramitacións excepcionais cos mínimos criterios posibles. Non se trata de potenciar o tecido económico, nin de dotar as áreas empresariais dun modelo territorial coherente, nin de achegar solucións concretas no modelo de áreas empresariais. Na mesma nota de prensa que o Consello da Xunta trasladou aos medios para anunciar a tramitación desta lei salientase que a súa principal innovación consistía precisamente na creación de instrumentos que permitirán sortear algúns trámites.

3 A consolidación dun marco desregulatorio

Esta lei encádrase dentro do despregue normativo co que pretende desregular o territorio que vén facendo o PP no goberno da Xunta. De forma especial





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recolle e consolida nesta lei os cambios introducidos mediante a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Igual que nestas outras normas, a proxecto de lei asume como argumento central e xustificación a axilización da tramitación. Este é o típico caso de miopía contrarreformista: nin se avalía a situación, nin se observan obxectivos estratéxicos, senón que todo xira arredor da axilización burocrática, que se presenta como o fundamento da reforma. Trátase dunha miopía calculada, xa que ao tempo que centra o debate nas rixideces burocráticas, pola porta de atrás trátase de introducir toda unha axenda de contrarreformas de gran calado. Esta miopía calculada é a forma que ten o goberno de ocultar ou tratar de disimular as súas verdadeiras intencións.

Na Lei 1/2021 o cabalo de Troia e auténtico *leit motiv* da contrarreforma foi a figura dos Proxectos de Interese Autonómico, que ían permitir clasificar e cualificar solo por iniciativa privada. Este instrumento podía ser desenvolvido sen necesidade de estar recollido en ningún plan sectorial. En todo este procedemento, ao Concello afectado dáselle apenas trámite de audiencia, mais nula capacidade de determinar nada.

De forma similar este Proxecto de lei establece no seu artigo 31 unha serie de actuacións de promoción pública de solo empresarial non previstas no plan sectorial: aquelas actuacións para a implantación de áreas empresariais estratéxicas e as actuacións para a creación de áreas empresariais coa finalidade de reubicar actividades industriais existentes en lugares inadecuados. En ambos casos poderanse tramitar directamente mediante Plans estruturantes de ordenación de solo empresarial e, xa unha vez aprobados, levarían implícita a declaración de interese autonómica, podendo determinar unha nova clasificación e cualificación do solo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso dos PIA o Consello da Xunta reservábase a capacidade para determinar que proxectos se declaraban de interese autonómico, á marxe de criterios obxectivos. Neste caso, a declaración de áreas empresariais estratéxicas funcionará como mecanismo arbitrario para determinar que proxectos poden optar a tramitarse pola vía exprés á marxe do que determine o plan sectorial. Na práctica, o que se diseña é un mecanismo que vai favorecer a interrelación e permeabilidade entre os grandes intereses empresariais e o Consello da Xunta e o partido que sustenta o goberno. Destes mecanismo de suposta axilización quedarán excluídos a maior parte do empresariado, e reservaranse, pola contra, para unha elite empresarial. O Consello da Xunta adquire así unha cota de poder maior sen ningún mecanismo de contrapeso: nin criterios mínimos de planificación, nin PXOM, nin administracións locais que se poidan opor.

Como se pode observar, reproducindo o modelo dos PIA esta nova lei desregula o territorio e incrementan o poder do Consello da Xunta como negociadores e mediadores cunha élite de empresas privadas. Todo o poder para o Consello da Xunta e limitación dos mecanismos de contrapeso. Desta forma as persoas que se sentan no Consello da Xunta van aumentar notablemente o seu poder como negociadores e mediadores coas empresas privadas. Esta é sen dúbida unha grande lei para engraxar as portas xiratorias. Neste proxecto de lei cobra sentido aquilo que declaraban dende Greenalia ao ficharen a Mato, de quen dicían que era “un gran valor porque conta cunha contrastada experiencia nos novos modelos de bo goberno”. Velaquí os modelos de bo goberno do PPdeG.

4 Unha lei opaca, contra a participación pública e a cooperación entre administracións

Outro paralelismo coa Lei 1/2021, e en xeral con toda esta vaga de normas desregularizadoras, é a utilización de mecanismos opacos na tramitación da lei co fin de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evitar o debate e a resposta social. Daquela, o PP introduciu unha emenda fóra de prazo a petición da patronal eólica. Desta, xa fixeron público que introducirán unha emenda que priorice a tramitación de parques eólicos que cumpran unha serie de condicións de fixación de prezos. En lugar de formular esta proposta na propia Proxecto de Lei o goberno procura así evitar o pronunciamento e participación da cidadanía, das distintas administracións, dos restantes departamentos e, en última instancia, a posibilidade de emenda por parte dos restantes grupos parlamentarios.

É unha lei que se fai contra a participación pública, xa que tamén prevé a limitación da participación da sociedade civil e das distintas administracións para pronunciarse sobre as áreas empresariais que se impulsen. Mediante o artigo 39 os prazos de información pública e audiencia poden chegar a restrinxirse á metade. As razóns para se establecer esta tramitación de urxencia quedan, máis unha vez, en mans do Consello da Xunta, e non se establece ningún criterio obxectivo das razóns que xustifiquen a urxencia.

Tamén cómpre remarcar a pretensión de limitación da participación dos Concellos, que perden, entre outras capacidades, a de tramitación e aprobación dos instrumentos de desenvolvemento e execución que, segundo ficaría regulado no art. 48, realizaríaa o propio IGVs. A actuación dos concellos quedaría limitada a aquelas áreas empresariais que promovesen os propios concellos.

Por último compre salientar a falta de diálogo e arbitrariedade da Xunta cos Concellos que se propón na norma, mediante a imposición da figura dos Concellos Emprendedores. Tras o recente tentemozo do TSXG a este programa, agora o goberno pretende legalizala introducindo forzadamente o desenvolvemento normativo deste programa no proxecto de lei. É un programa que esixe a adherencia dos Concellos para que estes poidan optar a unha serie de beneficios, máis é a Xunta de Galiza quen se reserva a capacidade de seleccionar os concellos que se poderán adherir ao programa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concello emprendedor. Isto supón a introdución doutro mecanismo máis para favorecer as redes de poder partidistas en detrimento do interese xeral.

Fronte a esta falta de obxetivos que vaian máis alá dos intereses do propio goberno e un grupo limitado de empresas, dende o BNG consideramos que é necesario e posible un modelo alternativo e de futuro. Cando menos esta lei debера abordar e planificar 3 aspectos básicos: Os mecanismos de impulso económico que deben acompañar o desenvolvemento do solo empresarial, unha aposta pola innovación e planificación de distintos tipos de áreas empresariais axeitadas coas novas formas de produción e unha aposta por definir criterios territoriais que fomenten a competitividade das áreas ao tempo que melloran a cohesión social e territorial e a calidade urbana destes espazos.

1. IMPULSO ECONÓMICO

Defendemos a necesidade de acompañar a estratexia de solo empresarial cun proxecto ambicioso de promoción económica construído a partir da independencia financeira, da aposta pola I+D+i, e do impulso dos sectores industriais e tecnolóxicos.

Fronte ao modelo de resignación do PP, que se nega a tomar a iniciativa, a identificar as necesidades ou as potencialidades do país, e actuar aí decididamente, senón que se limita a agardar o interese de terceiros, sen importar o sector nin o tipo de actividade, e sobre todo porque é máis do mesmo, máis dun sistema que se ten demostrado inútil.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

As propostas do BNG significan precisamente rachar con estas inercias e ser proactivos. A comezar por dotármonos dos recursos económicos necesarios para facer do goberno galego o gran motor da reactivación económica do país.

E isto significa un novo sistema de financiamento que permita tomar decisións, actuar, e transformar o país, por exemplo elevando o investimento en I+D+i até acadar o 2,5% do PIB Galego, ou impulsando un Plan de Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial que eleva a participación da industria no PIB até o 25% no ano 2030.

Ser proactivos significa, tamén, constituír un ente público da enerxía que actúe neste contexto de transición e de prezos enerxéticos desbocados, garantindo un modelo de desenvolvemento sustentábel e prezos competitivos para empresas e familias.

Ou promover infraestruturas de transporte colectivo modernas, como o tren (incluído un servizo de proximidade), que contribúan de verdade á cohesión territorial e á descarbonización da mobilidade.

Fronte a todas estas propostas do BNG o Partido Popular ven manifestándose en contra. Unha ferramenta como unha lei de áreas empresariais podería, ben enfocada, chegar a xogar un papel de dinamización económica, mais nunca poderá por si soa ser o motor que impulse a reactivación ou a transformación económica que o noso país necesita.

A promoción e urbanización de solo non garante por si so un desenvolvemento futuro das áreas empresariais. A Xunta de Galiza debe promover auténticas políticas de planificación e impulso económico que orienten e doten de estratexia ás áreas empresariais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. NOVOS MODELOS DE ÁREAS EMPRESARIAIS

Sabemos que os procesos de desenvolvemento empresarial están cada vez máis asociados á economía do coñecemento, ás novas tecnoloxías de información e comunicación. É por iso que coñecemento, aprendizaxe e innovación de empresas, institucións e territorio son centrais á hora de crear vantaxes competitivas.

Estes factores veñen impulsando novos modelos de áreas empresariais especializadas que unha lei como esta debera contemplar, planificar e impulsar. Porén a proxecto de Lei fai un tratamento homoxéneo de todas as áreas empresariais, baseado nun modelo único bastante limitado.

Consideramos que esta lei podería ser unha oportunidade se apostase por introducir unha clasificación das distintas modalidades de áreas empresariais e definise obxectivos e criterios específicos para cada un deles.

Como exemplo dos modelos de áreas empresariais que debemos regular, planificar e impulsar a futuro estarían:

- Parques tecnolóxicos. Son áreas que requiren unha serie de servizos de apoio básicos, un fomento activo da implantación de empresas de I+D. Outro factor que resulta determinante neste caso é a capacidade de interacción dos axentes que forman parte do mesmo, mediante a constitución de axencias de desenvolvemento que permitan unha cooperación efectiva.
- Parques científicos e de innovacións, ligados á produción de coñecemento. Este tipo de áreas requiren de aglutinar unha serie de condicións que os permitan ser competitivos no contexto global ou rexional mediante a promoción da especialización. Pero ademais a capacidade de atraer recursos humanos altamente cualificados nestas áreas dependen de outros moitos factores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

moi amplos e diversos como son: aspectos como a conectividade, a infraestrutura educativa, a oportunidade profesional, a calidade de vida que ofrece o entorno ou a calidade dos ambientes urbanos e o grao de cohesión social. Así mesmo este tipo de entornos empresariais esixen de instrumentos de xestión que permitan nunha maior participación das universidades públicas e dos centros de investigacións como axentes complementarios esenciais na produción de coñecemento.

- Áreas de usos mixtos ligados a entornos urbanos. As áreas produtivas do coñecemento que se sinalaban no punto anterior, especialmente aqueles ligados ao vector dixital, demandan unha maior variedade de usos e actividades nesas zonas, como son comercio, ocio ou vivenda. A compatibilidade e a mestura destes usos está propiciando a aparición de distritos empresariais inseridos nas mallas urbanas que evitan a excesiva zonificación do modelo actual, permiten incrementa a calidade dos espazos públicos e crean unha maior compactación sobre os entornos xa urbanizados.

Estes son algúns exemplos da evolución actual do modelo de áreas empresariais e das características específicas de cada un deles. Unha lei de planificación de áreas empresariais debe asumir a tarefa de planificar os futuros modelos de áreas empresariais e de dispor dos mecanismos e recursos que permitan a súa viabilidade e desenvolvemento.

3. CRITERIOS TERRITORIAIS

O desenvolvemento das novas tecnoloxías das información e da comunicación teñen afectado ao modo en como se distribúen os usos secundarios e terciarios que se pretenden ordenar neste Proxecto de lei. Obsérvase de forma xeral un cambio nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patróns de localización que impactan no modelo urbano e territorial e nas propias oportunidades e riscos das áreas empresariais.

Unha lei destas características supón unha oportunidade para establecer criterios de implantación territorial que auren competitividade e calidade territorial. Algúns dos aspectos que cabería definir para unha mellor planificación son os seguintes:

- **Determinacións territoriais para os retos actuais**

Por unha banda destacan as necesidades específicas das áreas empresariais desenvolvidas co modelo clásico a partir dos anos 70, normalmente situados na periferia dos aglomerados urbanos. As principais necesidades son a mellora da dotación infraestrutural (especialmente no que ten que ver co tratamento e reciclaxe de residuos, enerxía, telecomunicacións), o aumento da articulación coa envolvente (mellora das condicións de mobilidade aos centros urbanos e ás novas zonas residenciais), a habitabilidade e calidade espacial dos espazos públicos e de circulación, a localización de equipamentos de servizos de apoio (como garderías, comercio ou restauración) ou melloras no estacionamento.

As áreas empresariais que se veñen desenvolvendo nas últimas décadas tenden a localizarse moi condicionadas pola malla infraestrutural, naqueles nós que garantan un alto nivel de accesibilidade rexional e local. Este novo patrón de localización introduce algúns riscos territoriais que cómpre reducir e oportunidades para o territorio que aproveitar. A posición cada vez máis excéntrica destas áreas xera frecuentemente un déficit de articulación coa envolvente que cómpre corrixir, así como unha tendencia maior á depredación ambiental. Por outra banda abre a posibilidade de crear novas centralidade nun modelo de urbanización extensiva, especialmente no contexto atlántico.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falta nesta lei unhas determinacións máis claras sobre o modelo territorial que se pretende propor. A vaguidade da lei a este respecto, supón continuar cun modelo carente de criterios que se guía única e exclusivamente por factores de mercado, pero non por criterios territoriais colectivos.

- **Un proxecto de futuro baseado nas fortalezas do territorio**

No contexto internacional cada vez máis complexo e interrelacionado, aqueles territorios con capacidade de aportar certas vantaxas competitivas teñen máis oportunidades de futuro. En primeiro lugar, esta lei debe definir a vocación de cooperación territorial no marco da eurorrexión, así como o modelo de cooperación do sistema urbano galego.

En segundo lugar cómpre analizar as vantaxes competitivas do territorio e potenciar os sectores de excelencia que resulten estratéxicos para o modelo económico do país. Nun modelo de crecente especialización resulta un factor positivo a definición das áreas empresariais en base á dinámica existente no territorio. As administracións públicas deben comprometerse non só na creación de solo industrial, senón en estimular e dinamizar un proxecto específica para cada área que atenda ás súas fortalezas.

- **Mobilidade**

Non se trata só de obter boa accesibilidade ás grandes infraestruturas senón de mellorar a comunicación e articulación co entorno inmediato, impulsando unha mobilidade sostible. As prescricións da lei a este respecto son sumamente vagas e non existen uns compromisos mínimos de execución dun modelo alternativo de mobilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por tanto, unha lei sectorial de áreas empresariais de Galiza, ao noso entender podería chegar a ser unha oportunidade para a ordenación, planificación e mellor xestión das áreas empresariais, mediante pautas concretas que rexan a ordenacións destes espazos.

Este proxecto de lei non recolle ningún destes elementos positivos e innovadores que dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que debería incluír. A visión limitada do actual goberno fai con que esteamos ante unha lei pensada por e para a desregulación e os intereses dunhas poucas empresas.

Así pois, por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 11/06/2022 12:50:59





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2022 12:51:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a negociación do convenio colectivo para a industria siderometalúrxica da provincia da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de abril as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza rexistraron e comunicaron a convocatoria de 4 xornadas de folga no sector da industria do metal da provincia da Coruña. Na actualidade as mesmas centrais sindicais veñen de anunciar 8 novas xornadas de paro para este mes de xuño.

A folga prodúcese no marco da negociación do convenio para a industria do metal desta provincia, que leva decaído desde o 31 de decembro do ano 2019, e que afecta segundo as organizacións convocantes ao redor de 16.000 persoas.

Estamos a falar polo tanto de 16.000 traballadores e traballadoras que teñen o seu salario conxelado desde o ano 2019, 2 anos e medio nos que o IPC acumula unha suba de case un 11%.

É por isto que a negociación da suba salarial e do mecanismo de revisión anual para evitar a perda de poder adquisitivo dos salarios está precisamente no centro das reivindicacións sindicais, mentres que a patronal se nega a asumir o 100% da revalorización salarial que demandan desde a parte social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra das cuestións de máis transcendencia para o persoal afectado por este convenio, que viñan sendo xa demandadas no transcurso das negociacións en anos anteriores, é o dereito de subrogación das persoas que prestan servizos de mantemento dun xeito permanente para outras empresas en réxime de subcontratación. Un dereito que si se recolle nos convenios do metal de outras provincias, como a de Lugo, e de outros sectores, como o da limpeza de edificios ou o da seguridade privada. Este dereito tense demostrado fundamental para evitar que a competencia entre as empresas que prestan estes servizos veña traducíndose nunha precarización das condicións laborais da persoas que os prestan.

Hai tamén outras demandas sobre a mesa, tanto da parte social como da parte patronal, sobre as que non existe acordo, por exemplo de redución da xornada e aumento das vacacións (social), aumento da distribución irregular da xornada e a posibilidade de realizar contratos fixos discontinuos en réxime de xornada parcial (patronal).

É un convenio que afecta a moitas persoas e a moitas empresas directamente, mais que tamén afecta a algunhas empresas do sector industrial con convenio propio que subcontratan parte dos traballos con empresas do convenio do metal, como por exemplo, Navantia, Repsol, Naturgy ou Movistar.

Por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten contactos formais a Xunta de Galiza cos negociadores deste convenio colectivo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Como estima a Xunta de Galiza que afecta a perda de poder adquisitivo do persoal afectado por este convenio?

3. Como estima a Xunta de Galiza que afecta á calidade na prestación do servizo público de subministro eléctrico ou de telefonía o feito de que a subcontratación do servizo de mantemento non garanta a subrogación do persoal que o realiza?

4. Que opina a Xunta de Galiza da posibilidade de que se realicen contratos fixos discontinuos a xornada parcial?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 02/06/2022 18:30:43

María do Carme González Iglesias na data 02/06/2022 18:30:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 02/06/2022 18:30:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao peche de camas hospitalarias e baixada na actividade na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés, durante os meses de verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas, é unha constante que ano tras ano se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando a sanidade pública.

Vemos, polo tanto, como a Xunta persiste na súa política de redución da actividade nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza a pesares das listas de espera que se viron enormemente incrementadas pola paralización ou relentización da actividade durante a pandemia. Temos que lembrar que en 2020 a actividade veuse moi reducida, o ano rematou con 8.500 intervencións cirúrxicas menos que no 2019.

Seguindo esta liña a Xerencia da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés ven de comunicar que durante os meses de verán van a proceder ao peche de 122 camas durante a época estival, 98 no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra e 24 no Hospital do Salnés, medida que vai afectar a medicina interna, cirurxía, traumatoloxía...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta medida tómase no contexto de continua saturación dos servizo de urxencias. Profesionais denuncian que urxencias de Montecelo está superando cifras de doentes superiores a 2019 con días de máis de 200.

O peche de camas, ter os quirófanos baixo mínimos, a diminución de consultas e de probas diagnósticas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias tanto hospitalarias como nos PACS, vai xusto na dirección contraria do anunciado desde o Sergas de recuperación da actividade.

A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa avultadas listas de espera.

O sistema sanitario público galego ten un número moi deficiente de camas hospitalarias. Galiza ten 3.14 camas por cada 1.000 habitantes. Estamos á cola do Estado en número de camas hospitalarias, e por suposto moi lonxe do que establece a Organización Mundial da Saúde, entre 8 e 10 por cada mil habitantes. No período 2009-2019 Galiza perdeu 925 camas hospitalarias.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

Un país coas listas de espera brutais como as que hai no Sergas, e máis cos efectos demoledores da pandemia na falta de atención, non pode permitirse o luxo de estar baixo mínimos durante todo o verán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai un número tan importante de persoas en listas de espera, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Pechar camas, ter baixo mínimos quirófanos, equipos de diagnóstico e persoal non é inocuo, ten contraindicacións e efectos secundarios.

O período do verán, que en xeral supón menos presión de determinadas patoloxías, podería ser unha oportunidade para incrementar o número de cirurxías e probas diagnósticas para acortar as listas de espera que padecemos, tanto a histórica que arrastramos como a ocasionada pola diminución de actividade durante a pandemia.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública pechando camas, baixando a actividade nos quirófanos e nas probas diagnósticas, e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas, os quirófanos baixo mínimos, diminuído consultas e probas diagnósticas na sanidade pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas, nas xa moi avultadas listas de espera na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

Cal é a estratexia para rebaixar as listas de espera na Área Sanitaria?

En base a que informe fai a Consellería de Sanidade a planificación da atención sanitaria no verán (listas de espera, persoal dispoñíbel para ser contratado, repercusión nas listas de espera do parón do verán..)?

Cales son as contratacións realizadas nos centros hospitalarios da Área Sanitaria para substituír ao persoal na época estival, desagregadas por centro, especialidade mes ou quincena, e por categorías profesionais?

Por que non fai públicas as listas de espera globais (tanto as priorizadas, como as non estruturais que están nos buzóns) de intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2022 11:29:14

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/06/2022 11:29:19

Iria Carreira Pazos na data 03/06/2022 11:29:32

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2022 11:29:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A concentración parcelaria de Catoira foi declarada de utilidade pública, interese social e urxente execución polo Decreto 186/2000, do 29 de xuño (DOG nº 137, do 14 de xullo).

Decretada, pois, no ano 2000, impúlsase en 2005 coa contratación e redacción do Estudo de Impacto Ambiental e proxecto de camiños. O levantamento topográfico e as bases provisionais son de outubro de 2006 e as bases definitivas de outubro de 2007.

En 2008 apróbanse as bases definitivas. No proceso de elaboración destas bases detéctase unha elevada fragmentación da propiedade, dificultade na identificación dos predios, estado de abandono e un número de propietarios maior do previsto. Despois da presentación das bases houbo un elevado número de recursos e modificacións ás mesmas (890 escritos) que segundo declaracións da Consellería dificultaron enormemente os traballos de reestruturación. E así coa fin de minimizar este efecto aprobouse a segregación da zona en dous sectores (Orde de 7 de febreiro de 2011) Catoira Norte e Catoira Sul.

Comprende unha superficie de 2.900 ha., a totalidade do solo rústico do concello de Catoira, polo que foron excluídos os núcleos rurais de poboación. Trátase dunha gran



superficie de 2.738 ha e de acusada complexidade, dada a estrutura da propiedade: 22.653 parcelas e os 2.433 propietarios. Comprende as parroquias de: San Pedro de Dimo, Santa Baia de Oeste, San Mamede de Abalo e a de San Miguel de Catoira, que fan a totalidade do concello.

Dos 890 escritos de reclamación, 429 son recursos de alzada e 470 son solicitudes de modificación fundamentalmente por cambios de titularidade e permutas.

En decembro de 2016 celébrase unha reunión da xunta local de concentración na que foron informados un total de 180 recursos dos 429 que foran presentados.

Nesas datas ían investidos máis de 3.700.000 euros, deles 2.700.000 na rede de camiños e arredor de 1.000.000 en servizos técnicos.

O 27-11-17 asinouse un contrato con Tragsatec para a actualización e revisión das bases de concentración nas dúas zonas por un total de 100.757 euros. Eran, segundo fontes da Consellería, traballos previos necesarios para a elaboración dos informes aos recursos de alzada contra as bases definitivas da zona global de Catoira. Estas mesmas fontes afirman que en xullo de 2018 poderían iniciarse os trámites de envío ós afectados. Mais non foi así.

Nesas datas estíbese contratando a elaboración do acordo das novas fincas e a colocación dos marcos para a zona de Catoira Norte por un total de 511.320,44 euros e o mesmo para a zona de Catoira Sul por un total de 394.395,02 euros.

O tempo vai pasando, as expectativas creadas vanse diluíndo e hai un novo mal creado coa concentración e que dura máis de 15 anos. A meirande parte da infraestrutura de camiños e obras está feito polo que na realidade están asa fincas de reemprazo non recoñecéndose moitas veces as vellas propiedades. Cales traballa a xente? Son anos nesta situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Cando se vai dar a información debida aos afectados polo proceso de concentración parcelaria do Concello de Catoira?

--En que estado se encontra a resposta ás reclamacións feitas polos propietarios e para cando os correspondentes trámites de audiencia?

--Canto se leva gastado e en canto se calcula o custo do que resta por facer?

--Está contemplado o compromiso contraído no seu momento polo goberno de levar tódolos viñedos do concello para unha ladeira do monte Coaxe-Dimo sen custo algún para os viticultores e si con cargo a unha axuda do programa Feder?

--Que ten pensado facer a Consellería para rematar con ben este proceso que demanda a veciñanza do concello de Catoira?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Montserrat Prado Cores

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/06/2022 11:48:16

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2022 11:48:51

María González Albert na data 03/06/2022 11:49:00

María del Carmen Aira Díaz na data 03/06/2022 11:49:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave situación na que se atopa a atención primaria e o servizo de pediatría na comarca da Barbanza converteu xa en crónica a falta de persoal sanitario e non sanitario, que vén de moito antes de comezar a pandemia no ano 2020 e que está a levar á cidadanía de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira a acudir a uns centros de saúde onde a atención sanitaria é cada vez máis insuficiente e deteriórase a pasos axigantados.

Dende o ano 2020, a Consellería de Sanidade manifestou por activa e por pasiva que todos os recursos debían centrarse na atención da pandemia. Para iso, pechou na comarca varios consultorios periféricos que a día de hoxe seguen sen abrir. Concentrou, polo tanto, todos os servizos e a todos os usuarios da sanidade pública nos centros de saúde, que permaneceron dende aquela desbordados e con graves carencias de persoal.

En novembro de 2020, este Grupo Parlamentar reclamou a apertura dos consultorios de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro), que tiñan adscritas preto de 3.000 persoas. A día de hoxe, seguimos a agardar a resposta da Consellería ás nosas demandas e a cidadanía deses lugares continúa sen ser atendida neses consultorios por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

permaneceren pechados e a medida excepcional que anunciou o SERGAS pasou xa a definitiva.

En xaneiro de 2021, tamén demandamos o mantemento do servizo de pediátría da Pobra do Caramiñal, cubrir as ausencias que se veñen dando periodicamente nese servizo e reforzar o seu horario.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia a política de redución de persoal que a Xunta de Galiza vén levando a cabo dende hai anos e as súas carencias son clamorosas non só na Pobra senón tamén no resto da comarca. No entanto, a Consellería de Sanidade non parece consideralo así porque nin sequera tivo a ben responder por escrito ás preguntas presentadas polo BNG a este respecto.

O 11 de febreiro de 2021, diante da grave carencia de persoal de todo tipo e as mobilizacións dos profesionais, a Comisión de Sanidade do Parlamento galego aprobou por unanimidade, a instancias do Grupo Parlamentar do BNG, unha serie de medidas para poñer en marcha no centro de saúde de Ribeira, un dos máis afectados naquel momento.

Aprobamos repoñer de inmediato ao seu número habitual o persoal sanitario dese centro, reforzar o cadro de persoal sanitario e non sanitario, levar a cabo as substitucións de calquera membro do cadro de persoal en canto se produzan e buscar alternativas para a falta de espazo nese centro de saúde, nomeadamente no PAC.

A día de hoxe, malia a unanimidade, a Consellería de Sanidade non avanzou o máis mínimo nas medidas acordadas no Parlamento e o centro de saúde de Ribeira non só non mellorou senón que é evidente o seu empeoramento en canto a postos de profesionais que están sen cubrir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En marzo deste mesmo ano, rexistramos diversas iniciativas sobre a situación extrema en canto a medios a profesionais que se vén vivindo no PAC de Rianxo. Confiamos en que, tal e como recolle o Regulamento da Cámara galega, se nos dea cumprida resposta ás mesmas e non teñamos que agardar meses, e mesmo anos, como nas iniciativas anteriores e como tamén continúan sen atender as demandas dos profesionais e da cidadanía rianxeira, que xa vén mobilizándose polo deterioro deste PAC dende 2019, antes da pandemia e o agravamento e a falta de solución seguen sen chegar.

A día de hoxe, os vellos problemas nunca abordados que afectan a toda a veciñanza da Barbanza en materia de sanidade non só se manteñen senón que van camiño de converter a atención primaria e pediátrica nun auténtico desmantelamento deses servizos públicos moi difícil de reverter.

No centro de saúde de Rianxo, dun total de oito facultativos, só están traballando catro e pola tarde, dos catro que deberían estar traballando, só hai un. En Boiro, dun total de doce hai tres sen cubrir, un de mañá e dous de tarde. Na Pobra, de seis hai unha praza sen cubrir. E en Ribeira, dun total de catorce prazas de facultativos, hai seis sen cubrir, co agravante da falta dende hai máis dun mes do facultativo que viña atendendo o consultorio do lugar de Palmeira e que nestes momentos está sendo atendido por un médico que se despraza dende o centro de saúde de Ribeira.

En definitiva, catro centros de saúde cunha merma total de 14 facultativos, con servizos de pediatria insuficientes para a poboación á que hai que atender, con baixas e ausencias de persoal de enfermería que tampouco se cobren, con persoal de servizos xerais insuficiente e con dous consultorios periféricos pechados dende 2020 e outro, o de Palmeira, sen o único médico que o atende.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son devastadoras, unha poboación de arredor de 67.000 habitantes con demoras na atención de varios días e mesmo semanas, tamén na atención telefónica, con cambio de facultativo recorrentemente por mor de que os cupos do persoal que falta están sendo atendidos polo resto do persoal, con cancelación de citas, con nenos e nenas atendidas por médicos de familia xa saturados por falta de especialistas en pediatría, con extenuación dos profesionais por axendas saturadas e inasumíbeis, sobrecarga de xornadas e de traballo e mesmo momentos onde o facultativo ten que saír a atender urxencias e o centro queda desatendido.

Segundo se fixo público recentemente, as previsións do SERGAS son contratar dous médicos para o centro de saúde de Rianxo, un para o centro de Boiro, un para o da Pobra e dous para o de Ribeira que, de cumprirse, só paliarían moi levemente a situación actual e seguirían quedando prazas sen cubrir nunha época que xa se achega, a estival, na que a poboación dos catro concellos increméntase considerabelmente. Ademais, nada se deu a coñecer sobre a cobertura das carencias nos servizos de pediatría e tampouco sobre a apertura dos consultorios aínda pechados de Taragoña e Boiro.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da atención primaria nos centros de saúde da comarca da Barbanza?

. Que valoración fai da repercusión que está a ter na cidadanía da comarca a falta de profesionais? E nos propios profesionais que están asumindo unha sobrecarga importante de traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai repoñer de inmediato as baixas de persoal que hai na actualidade? De non ser así, por que razón? Considera que se pode dar unha atención acaída e de calidade co número de profesionais actuais?

. Vai cubrir a totalidade das prazas vacantes do persoal sanitario que existen na actualidade? De non ser así, por que razón? De ser así, en que período temporal?

. Vai reforzar os centros de saúde da comarca da Barbanza de cara ao verán? De ser así, con cantos profesionais?

. Cais son as razóns que levan á Xunta de Galiza a manter pechados aínda os consultorios de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro)? Ten previsto volvelos a abrir? Se é así, cando?

. Cando vai levar a cabo a substitución do único facultativo do consultorio de Palmeira (Ribeira)?

. Ten previsto ampliar o horario do PAC de Rianxo para dar servizo tamén polas tardes? De ser así, cando?

. Por que razón non efectivizou o acordo unánime da Comisión de Sanidade do Parlamento galego do 11 de febreiro de 2021, relativo ás carencias de persoal e de espazo no centro de saúde de Ribeira? Vaino levar a cabo? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/06/2022 10:54:49

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2022 10:54:52

Rosana Pérez Fernández na data 06/06/2022 10:55:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a decisión de ceder o pavillón do CEIP da Anexa á Facultade de Maxisterio e as consecuencias que terá sobre o alumnado do centro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Facultade de Maxisterio e a Xunta de Galiza acordaron a cesión do pavillón do CEIP da Anexa (Lugo) para que sexa usado polo alumnado de formación do profesorado toda vez que este centro universitario non conta con instalacións deste tipo desde hai anos. Esta situación produciuse logo de que o actual pavillón fose cedido á Anexa co compromiso de que a facultade puidese facer uso das instalacións do IES Politécnico, algo que nunca chegou a acontecer.

Porén, a decisión de ceder o pavillón da Anexa a Maxisterio supón, de facto, deixar 448 estudantes do CEIP sen unha instalación imprescindible para as aulas de educación física e tamén para os recreos cando chove.

A cambio da cesión do pavillón, a solución proposta ao CEIP da Anexa é facer uso doutro espazo, unha aula acristalada que dá ao patio e que, segundo as familias, dispón de menos metros cadrados que o pavillón e oito columnas no medio da aula, polo que rexeitan a proposta que consideran prexudicial para o alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é evidente que urxe procurar unha solución que garanta os dereitos tanto do alumnado da Anexa como do estudantado de Maxisterio. Porén, debe garantirse sempre a máxima calidade educativa e os dereitos do alumnado do ensino obrigatorio.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non se cedeu a Maxisterio o pavillón do IES Politécnico como se propuxo orixinalmente para que puidese facer uso del o alumnado de formación do profesorado?
- Cre que deixar o CEIP da Anexa sen pavillón é unha solución acaída para o alumnado de infantil e primaria deste centro?
- Coida o Goberno galego que se garante a calidade educativa do centro co troco proposto para o alumnado?
- Que outras opcións se valoraron para procurar unha solución viábel?
- Vai continuar adiante a Xunta de Galiza coa cesión do pavillón da Anexa a Maxisterio?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/06/2022 11:34:50

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2022 11:34:55



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Centro Hospitalario Universitario de Ourense, diante do que semella un incremento de mulleres vítimas de submisión química, puxo en marcha a comezos deste ano o primeiro protocolo en Galicia destinado a identificar posibles casos. Dende a súa posta en marcha, este protocolo activouse seis veces nese centro hospitalario; case todas con mulleres menores de 30 anos.

A pesar de que o número de casos non é polo de agora alarmante, as persoas expertas si advirten de que se trata dun problema que vai en aumento, relacionado moitas das veces con agresións sexuais xa que unha característica común desta submisión é a amnesia anterógrada: a vítima non lembra nada a partir dun momento determinado.

As persoas expertas inciden na importancia de que as mulleres que crean que foron vítimas de submisión química o denuncien para poder activar o protocolo que determine se efectivamente foi así e poder perseguir o delito.

O Sergas anunciou que o protocolo que existe en Ourense se vai estender a todas as áreas sanitarias de Galicia previa consulta ao Observatorio Galego sobre a Violencia de Xénero. Unha vez aprobado, no Grupo Parlamentario Socialista consideramos conveniente a realización dunha campaña de información nos centros hospitalarios e de Atención Primaria sobre esta cuestión.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia o incremento de casos de submisión química a mulleres que advirte o persoal sanitario?

2ª) Cando ten previsto o Sergas estender o protocolo que xa existe no CHOU ao resto das áreas sanitarias de Galicia?

3ª) Considera necesario realizar unha campaña de información nos centros hospitalarios e de Atención Primaria sobre a submisión química?





Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 06/06/2022 13:21:01

Julio Torrado Quintela na data 06/06/2022 13:21:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/06/2022 13:21:39

Marina Ortega Otero na data 06/06/2022 13:21:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de maio, a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Pesca
remitiu ás confrarías un borrador de Resolución establecendo disposición de ordenación
da pesca do abadexo na zona CIEM 8C (POL/08C).

O borrador recolle o establecido no Regulamento (UE) 2022/109, do 27 de
xaneiro, polo que se establecen para 2022 as posibilidades de pesca para determinadas
poboacións e grupos de poboacións de peixes en augas da Unión Europea. Un
Regulamento que fixa para o stock POL/08c un TAC para 2022 de 166 toneladas de
abadexo, das que ao Estado español lle corresponden 149, unha cantidade igual que a
fixada no 2021, e que, unha vez sumado o 5% da cota do POL/9/3411 na zona 8C (9,8
Tn.), e o sobrante dispoñíbel de 2021 (17 Tn.), acada as 175,8 Tn, superior ás 160 Tn.
fixadas para 2021.

O TAC do stock de abadexo foi avaliado como categoría 5 de ICES, o que
significa que conleva un “enfoque precautorio” na fixación do mesmo. Segundo o
borrador de Resolución, ese enfoque precautorio vén dado “pola escaseza de
información clara ao respecto da abundancia e nivel de explotación” do stock, o que
chama poderosamente a atención xa que fixa un TAC “precautorio” sen existiren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos que o indiquen e, o que é aínda máis grave, sen que a Administración se teña posto en contacto co sector da pesca profesional para avaliar e obter información fidedigna.

Partindo do ritmo de consumo de cota rexistrado (82.000 Kg.) no que vai de 2022, superior ano do ano 2021 neste momento en máis de 30.000 Kg., a Secretaría Xeral de Pesca decide establecer os seguintes topes de captura de Kilos de abadexo por barco e semana en cada trimestre:

	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
Volanta CNW	15	70	300
Palangre CNW	10	30	80
Artes menores CNW	10	30	80

O primeiro que se observa nesta distribución é a importante diferenza entre uns censos e outros, supoñendo un agravio para a pesca artesanal.

Tamén resultan aínda máis significativos os recortes, sobre todo se temos en conta que o abadexo nunca antes pechou por sobrepesca, nin sequera a súa pesca estivo restrinxida e dende hai anos vén sobrando cota.

Todo isto está a provocar un profundo malestar nas confrarías e entre os patróns e as tripulacións das embarcacións que ven como se lles está a impoñer unha cota moi restritiva a unha especie que nunca a tivo e nunca a precisou, cuns topes inasumíbeis para a frota artesanal e que significarían, na práctica, que un barco de artes menores, de entre 3 e 4 tripulantes, só podería pescar unha ou dúas pezas de abadexo á semana neste trimestre.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta inentendíbel e moi difícil de xustificar que, non habendo estudos que avalen esa decisión, se estableza unha cota de 175,8 Tn., superior ás 160 Tn. do 2021, e da que houbo sobranse sen existiren establecidos cupos por barco, que finalmente permita a captura de cantidades verdadeiramente insignificantes.

É evidente que se no ano 2021, sen cupos establecidos, houbo sobranse, este ano 2022, con cupos, significaría que ese sobranse sería aínda moito maior ao final do ano, época na que as embarcacións de artes menores non a poderían aproveitar por estar adicadas de cheo á captura doutras especies.

Non é a primeira vez que a Secretaría Xeral de Pesca dicta normas que pouco ou nada atenden á lóxica da frota e das poboacións de peixe existentes. O exemplo máis chamativo é o que se deu coa raia no 2021, onde as medidas foron tan rigorosas que, despois de estar pechada varios meses á pesca, aperturouse a final de ano, logo de ver que había un 52% de cota sen consumir e xusto cando a frota pesqueira está adicando o seu tempo e os seus esforzos a outras especies máis comerciais para a campaña do nadal.

O sector entende perfectamente os toques de captura e é o primeiro interesado en practicar unha pesca sostíbel e que lles garanta o seu medio de vida, mais é imprescindible que poda pescar durante todo o ano e a distribución sexa razoábel.

Neste caso, tanto as importantes diferenzas entre censos como a ínfima cantidade de abadexo que se lles permitiría capturar faría impensábel o seu mantemento, máxime nos tempos actuais onde os prezos dos combustíbeis fan imposíbel, de facto, saír ao mar para capturar 10, 30 ou 80 Kg. por semana e barco.

Medidas como a que se quere poñer en marcha só serviría para incidir na inviabilidade, cada vez maior, da frota pesqueira galega, nomeadamente da de artes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores, que xa a día de hoxe ve perigar claramente a súa actividade. Só traería perdas, e non só para as embarcacións e as tripulacións senón tamén para as lonxas, os compradores e os demais postos de traballo indirectos e, en definitiva, para a economía das zonas costeiras galegas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o conxunto das posibilidades de pesca da frota artesanal galega para 2022?

. Ten avaliado como veñen influíndo os sucesivos recortes levados a cabo nos últimos ano no mantemento da mencionada frota?

. Considera que a paulatina merma nas súas posibilidades de pesca favorecen e incentivan a actividade e a remuda xeracional na mesma?

. É coñecedor o Goberno galego do borrador de Resolución da Secretaría Xeral de Pesca remitido ás confrarías no pasado mes de maio? Que valoración fai do mesmo, nomeadamente de que se pretenda aprobar sen a información suficiente ao respecto?

. Ten avaliado cales serían as consecuencias da súa aplicación na frota artesanal?

. Que actuacións levou a cabo para tratar de evitar que sexa definitivo?

. Vai reclamar ao Goberno do Estado que paralice esa Resolución e que estableza o desexábel e necesario contacto co sector?

. Vai solicitar que se fagan os estudos acaídos antes de tomar ningunha decisión sobre o nivel de stock do abadexo e as posibilidades de pesca do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 06/06/2022 16:45:35

María do Carme González Iglesias na data 06/06/2022 16:45:38

Rosana Pérez Fernández na data 06/06/2022 16:46:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Brañas do Deo son un conxunto de humidaís (principalmente breixeiras e turbeiras) situados na conca do Deo (afluente do Mandeo), nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, cunha superficie total de 3.385 ha.

Estas brañas conforman, segundo diferentes estudos e informes, un dos sistemas higroturbófilos máis senlleiros de Galiza, situados nunha ampla penichaira na que se desenvolve un extenso mosaico de ecosistemas turbófilos (7110*, 7140, 7150), matogueiras húmidas (4020*), breixeiras secas (4030) con zonas de afloramentos rochosos (8230), que constitúen un complexo de hábitats de elevado interese ambiental, ocupados por diversas especies ameazadas como a Ra temporaria e Sphagnum pylaesii. Os citados sistemas de turbeiras tamén se atopan en contacto con bosques húmidos de amieiros e freixos considerados prioritarios (91EO*), así como herbais higrófilos (6410, 6430, 6510).

Asemade, a rede fluvial formada polos ríos Deo e Mandeo conforma un corredor ecolóxico con representación do hábitat prioritario Bosques aluviais de amieiros e freixos (Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 91EO*), e ten un alto interese para a conservación de dúas especies en perigo de extinción, o curso do Deo no linde entre Aranga e Curtis para o fento acuático e o curso do Mandeo desde Montouto para o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mexillón de río. Por este motivo foron incluídos no Plan hidrolóxico de Galicia Costa como “treitos de interese de especies ameazadas”.

Segundo consta no Inventario de humidais de Galiza (2003), na contorna das Brañas do Deo están rexistrados 40 humidais que deberían ser obxecto dun plan de protección, conservación e seguimento, mais que están sendo obxecto dun proceso continuado de agresións e degradación, debido principalmente a plantacións forestais.

Os propios informes da administración autonómica advertían en 2016 sobre esta materia: “A actividade forestal, fundamentalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats de interese, nomeadamente a causa da realización de intensas rozas mecanizadas e plantacións forestais acompañadas nalgúns casos da drenaxe dos terreos”.

Na actualidade, ao tempo que a Xunta segue a adiar a protección das Brañas do Deo, incluíndoas na ampliación da Rede Natura, demandada desde a Unión Europea, o proceso de degradación continúa.

Nestes días pasados trasladóusenos ao grupo parlamentario do BNG unha corta de madeira realizada con maquinaria pesada xusto na contorna de protección de xacementos catalogados onde están xeolocalizadas as mámoas de Portomoeiro.

Deseguido iniciouse na zona unha nova plantación ilegal de eucaliptos na mesma Braña de Portomoeiro, zona núcleo da reserva da Biosfera e cualificada no propio PXOM de Aranga como zona de especial protección da natureza (solo rústico de especial protección dos valores naturais), que afectan ademais a varias das mámoas do complexo de Portomoeiro que forman parte da grande necrópole megalítica do Monte do Gato.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Tivo coñecemento a Xunta desta nova agresión as Brañas do Deo, consistente na corta dun eucaliptal, nos movementos de terras sobre as mámoas e a nova plantación ilegal de eucaliptos na Braña de Portomoeiro, no concello de Aranga?
- Que medidas sancionadoras, de protección e reparación deste espazo de alto valor patrimonial e ambiental ten activado a Xunta?
- Vai o goberno incluír este espazo na Rede Natura 2000 para evitar que o actual proceso de degradación deste espazo natural continúe?
- Autorizou ou vai autorizar o goberno o proxecto de explotación forestal para o monte da Carballoa, que foi presentado un día antes da aprobación da moratoria na plantación de eucalipto e ao que o BNG presentou alegacións sen que tivesemos, até o momento, resposta de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/06/2022 17:39:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/06/2022 17:39:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2022 17:39:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural como obxecto e suxeito de contaminación é unha realidade que confronta cos intentos das políticas europeas de facer o rural fonte de loita contra o cambio climático e referente europeo da reserva ecolóxica mundial.

As novas liñas de axudas condicionadas ao cultivo da terra cada vez máis ecolóxico, co mínimo uso de herbicidas e fitosanitarios e á cría de animais cada vez máis libres de antibióticos. Hai que dicir tamén que a Política Europea Común non se fixa máis alá deste territorio europeo e non se sacude cando en virtude de outros intercambios outros organismos europeos autorizan a importación de diversos produtos animais e vexetais que se afastan bastante dos estándares europeos que dende a PAC se imponen para o desenvolvemento e consumo interno.

En contraposición con estas teorías ecolóxicas e de preservación da biodiversidade a realidade do rural na Galiza é ben diferente, por unha banda o exceso de puríns contamina comarcas enteiras, hai un evidente descontrol en canto ao uso de herbicidas, debido a que o desbroce mecánico a man é practicamente imposible, pola falta de man de obra e porque a poboación ten unha elevada idade. Non se establecen as políticas adecuadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, a falta de saneamento público nas zonas do rural, que van dende pequenos núcleos de poboación ata lugares illados, fai que esteamos moi lonxe de conseguir un medio ecolóxico, é unha materia pendente para a canalización das augas residuais cara a depuradoras coa capacidade suficiente para devolver á natureza unhas augas residuais depuradas, que poida ser utilizadas para usos permitidos sen traslado de contaminación algunha. Estase usando auga potable para o rego cando poderían utilizarse outro tipo de augas recuperadas.

Todas as augas residuais que non se depuran probablemente contaminan acuíferos, ríos, encoros e solos dun xeito que non nos podemos permitir. Non ten sentido verter augas en mal estado a encoros que logo precisan pasar por depuradoras para abastecer de auga potable a distintas poboacións.

Cremos que se pode asegurar que non hai biodiversidade nin cultivo ecolóxico posible senón hai unha depuración adecuada dos puríns e augas residuais de orixe humano.

Centrándonos nisto último, pensamos que hai que darlle un pulo ao saneamento no rural, case é posible priorizar esta cuestión por riba de conseguir traída pública de augas para todos os lugares, porque en moitos xa teñen traídas privadas ou pozos, pero o que hai que garantir primeiro de nada que estas traídas non estean contaminadas e para iso hai que garantir o saneamento dos lugares de modo xeneralizado.

É por isto que hai que aproveitar os fondos europeos e os propios para darlle un pulo severo ao saneamento xeneralizado das augas residuais dos distintos lugares ou núcleos de poboación que agora mesmo non o teñen.

Aínda sabendo que son os concellos os responsables do subministro de auga potable e da depuración de augas residuais, consideramos indispensable a participación da Xunta de Galiza, responsábel tamén disto, como demostran os convenios constantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feitos por augas de Galiza, e responsable da preservación e coidado do noso medio ambiente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten previsto a Xunta atender as necesidades medioambientais de saneamento de augas residuais da totalidade do rural galego dándolle todo o apoio posíbel aos concellos?

-Vai establecer convenios coa totalidade dos concellos do rural a Xunta de Galiza para o fomento e construción de saneamento público co fin de garantir un mínimo de ecoloxismo e hixiene pública?

-Cantos lugares están nunha situación de suficiencia en canto á traída de augas e/ou saneamento de augas residuais?

-Ten previsto a Consellería de Medio Ambiente establecer un cronograma de actuacións para a resolución dos graves problemas que se están a dar no rural galego por causa da falta de tratamento das augas residuais?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 07/06/2022 09:23:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/06/2022 09:23:58

María del Carmen Aira Díaz na data 07/06/2022 09:24:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto seco de Monforte debeu ser un proxecto conxunto de varias administracións que debería mobilizar socioeconomicamente a comarca de Lemos, despois da perda de actividade en torno ao que no seu día foi un nó ferroviario de alta importancia. A incompetencia xeneralizada rematou como un proxecto fracasado múltiples veces que foi utilizado para acusarse entre elas mutuamente, nomeadamente cando os gobernos son de distinta cor política. Dándose situacións acusatorias que rozan o ridículo e que somentes son escusas para deixar o porto seco en vía morta.

Por isto, chega o momento de deixar a especulación a un lado e traer o sentido común e o interese da comarca de Lemos a un primeiro plano. Por hai que interromper as acusacións entre o PSOE e o PP, e poñerse a traballar para acadar o mellor entendemento.

O porto seco conta con 30 has. de terreo disposto para ser utilizado, ten feito numerosos viais de comunicación interna, podería faltarlle acondicionar a zona de embarque de mercancías, tarefas de limpeza, acondicionamento e actualización de parcelas, e quedaría por executar a vía de evacuación que o uniría coa N-120 que daría saída ás mercancías camiño das zonas finais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG ten tratado esta cuestión a través de moitas iniciativas co fin de clarificar quen é quen neste proxecto, e a quen lle corresponde autorizar, rematar e poñer en marcha unhas instalacións claves para esta comarca, a última foi a pregunta presentada no Congreso dos Deputados que recibiu cumprida resposta que dende o punto de vista do BNG aclara a situación, en tanto que o Goberno de España responde taxativamente que o proxecto de conexión entre o porto seco de Monforte de Lemos coa N-120 desenvólveo a Xunta de Galiza. Así mesmo, indica que o Goberno galego someteu o preceptivo informe sectorial o proxecto de trazado da conexión do porto seco coa N-120, e que o Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana emitiu informe favorable o 21 de agosto de 2018.

Por outra banda a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galiza remitiu o proxecto de construción da conexión do Porto Seco coa N-120 para a súa autorización por parte da Dirección General de Carreteras. Outra vez o MITMA emitiu informe favorable á citada conexión o 11 de febreiro 2020 coa única condición de que sexa compatible co futuro enlace de Monforte Este do proxecto da hipotética autovía A-76 no tramo Monforte-Babela que din que se encontra en fase de redacción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. A que espera a Xunta de Galiza para poñer en funcionamento o proxecto do trazado para unir o porto seco coa N-120 para que cumpra por fin co seu papel de nodo de mercancías cando conta cos preceptivos permisos do Ministerio de Transportes?

. Vai este ano o goberno da Xunta dotar orzamentariamente a esta obra en contía necesaria para desenvolver esta obra nun prazo razoable?

. Son conscientes das perdas que supón para a comarca de Lemos ter esta obra parada e sen uso, a efectos demográficos, económicos e sociais, téñenas cuantificado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Consideran posible incluír a posta en marcha do porto seco dentro dun plan moito maior de recuperación socioeconómica da terra de Lemos no que tamén se incluíría a posta en marcha do regadío neste Val?

. Que medidas teñen programado implementar para evitar a perda de poboación sostida na comarca ou pensan que se solucionará sen facer nada, ou ben que non ten importancia se non se soluciona?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2022 09:58:31

Alexandra Fernández Gómez na data 07/06/2022 09:58:37

María del Carmen Aira Díaz na data 07/06/2022 09:58:48



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais do pasado mes de maio tivemos en coñecemento o desprendemento de parte dun falso teito do CEIP Seis do Nadal. En concreto as partes inferiores das bovedillas cerámicas que constitúen o forxado do teito. Logo da visita realizada ao centro por técnicos municipais no informe elaborado sinalan que a causa do derrubamento é a rotura dos elementos que configuran o forxado baixo cuberta. Os desprendementos producidos pertencen a elementos estruturais e non do falso teito e son, polo tanto, competencia da Xunta de Galicia. Tal e como recolle o informe da Xerencia de Urbanismo, trátase dun fenómeno de expansividade dos elementos cerámicos do forxado relacionado coa dilación dos mesmos. Nestas patoloxías, as dilatacións poden chegar a provocar fisuras e a posterior caída da cara interior. O desprendemento parcial non afecta ás características resistentes do forxado pero resulta preciso o seu arranxo e a revisión inmediata do resto dos forxados do inmovible para evitar a caída incontrolada de partes que puideran presentar patoloxías similares. Afortunadamente este feito non ten derivado en danos persoais nin problemáticas maiores pero dende o Concello lembran a súa insistente demanda á Xunta de Galicia para que se faga cargo das necesarias reformas integrais nos centros educativos da cidade que así o precisan e que se revise as estruturas dos centros que teñen máis de 50 anos de antigüidade.

O investimento do Concello de Vigo cada ano en centros educativos públicos ascende a 7 millóns de euros, totalizando un importe próximo aos 25 millóns no último trienio. Segundo os seus datos, e só no relativo ás actuacións en pistas, ximnasios e accesos, investíronse 379.838,83 euros en dezasete colexios da cidade desde o pasado setembro, aos que habería que sumar outros tres en planificación. O investimento máis destacado foi precisamente no CEIP Seis do Nadal que requiriu 40.922,20 euros para a renovación da súa pista polideportiva.

Trátase segundo estimacións do alcalde da cidade, Abel Caballero, de obras que no 80 % dos casos serían competencia da Xunta de Galicia e que está a asumir o Concello a cargo dos fondos municipais.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai asumir a Consellería de Educación as reformas estruturais da súa competencia que precisan os centros educativos públicos da cidade de Vigo de máis de 50 anos?
2. Porque razón non está a atender todas aquelas actuacións nos centros educativos públicos da cidade de Vigo e que veñen obrigando ao Concello a investir arredor de 7 millóns de euros anuais en obras competencia da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 07/06/2022 10:27:33

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/06/2022 10:27:42

Noa Susana Díaz Varela na data 07/06/2022 10:27:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Rede galega de atención temperá e as medidas previstas pola Xunta de Galiza para garantir a debida atención das crianzas con trastornos de desenvolvemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 o G.P do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo unánime para instar o Goberno galego a “reforzar e ampliar a rede galega de atención tempera, dotándoa dos recursos necesarios co obxectivo de que todos os nenos e nenas de até 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento poidan recibir as terapias que precisen. Para tal fin ,este fortalecemento da rede galega de atención tempera deberá estar debidamente orzamentado e calendarizado”.

Recentemente desde a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) advertiuse ás institucións públicas co gallo do Día da Atención Temperá (16 de xuño) do despregamento da Rede galega de AT sen os criterios de equidade que correspondería. Isto é, continúa a depender moito da localidade e comarca, mesmo da provincia, na que viva unha crianza que poida acceder aos recursos que precisa e aos que ten dereito en tempo e forma.

Neste senso, existen concellos nos que as listaxes de agarda son de case un ano para acceder ao servizo, diferenzas nas dotacións de recursos materiais, nas instalacións e tamén no número de profesionais cos que están dotados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para mudar esta situación desde a AGAT veñen reclamando, entre outras cuestións:

- A reforma do modelo de financiamento do servizo para garantir a estabilidade e equidade do mesmo.
- O dimensionamento axustado á demanda dos servizos. A desaparición das listas de agarda e o establecemento de límites á demora no acceso aos recursos.
- A delimitación de rateos por profesionais
- Unha coordinación real da RGAT a nivel galego a través da creación dunha instancia ou figura que asuma esa función dentro da Consellaría de Política Social.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos insistindo en que a situación actual supón unha clara vulneración dos dereitos das crianzas alén dun sobrecoste para as familias que se ven obrigadas a sufragar no ámbito privado terapias que o sistema público debera garantir.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa a Rede galega de Atención Temprá?
- Que criterios está a seguir para a ampliación e o reforzo da Rede?
- Como valora o Goberno galego o sistema de financiamento destes servizos?
- Que medidas ten previsto a Xunta de Galiza para garantir os dereitos das crianzas con trastornos de desenvolvemento en condicións de equidade e xustiza social?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2022 12:20:40

Iria Carreira Pazos na data 07/06/2022 12:20:43

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2022 12:20:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a recuperación do Peto das ánimas de Doade (Beariz).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia de San Salvador de Xirazga en Doade no concello de Beariz (Ourense) había, anexo á Capela do Carme, un peto de ánimas erixido a mediados do século XIX. Este monumento histórico-artístico de orixe relixioso gozaba de grande estima e devoción na veciñanza, sendo un elemento que pola súa antigüidade estaba protexido polo Decreto 571/63, así como tiña a consideración de Ben de Interese Cultural, ao abeiro da lexislación do Estado, como da Lei 5/2016 do Patrimonio Histórico de Galiza.

O monumento distribuíase en dous corpos, o inferior composto dun pedestal con cimacio na parte superior e cunha lenda nunha das súas caras que permitía descubrir a data da súa construción, 1860. Na corpo superior a fornela con arco de medio punto flanqueada por pilastras. O interior gardaba un retablo de madeira policromada coas imaxes de tres almas entre as lapas do purgatorio e na parte superior unha imaxe, mal conservada, da Virxe do Carme.

Este monumento histórico artístico foi derruído o día 28 de outubro de 2021 como consecuencia dun accidente de circulación. Ante a pasividade da Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e das autoridades locais, foi a veciñanza e asociacións culturais galegas, como o colectivo Capitán Gosende, o que se encargou de recoller os restos do sinistro para posibilitar a reconstrución dun monumento de incuestionábel valor cultural e histórico, mais tamén de grande afectivo ente a poboación da comarca.

Logo de meses dende o sinistro e das denuncias e reclamacións realizadas polos colectivos para a defensa e protección do patrimonio cultural galego non consta actuación ningunha por parte das administracións que teñen a obriga de velar pola conservación e coidado dos bens culturais de Galiza, a máis dicir representantes do Bloque Nacionalista Galego puidemos comprobar “in situ” o estado de abandono e desleixo no que, actualmente, os elementos que compoñen o referido monumento patrimonial. A negligencia das autoridades públicas (Xunta de Galiza e Concello de Beariz) poden impedir a reconstrución do ben cultural que constituía o Peto das Ánimas de Doade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Considera a Xunta de Galiza que o Peto de Ánimas de Doade en Beariz é un ben de interese cultural e histórico – artístico merecente de coidado e protección?
- . Coñece a Xunta de Galiza que en outubro de 2021 foi derrubado como consecuencia dun accidente de circulación?
- . Que accións realizou a Xunta de Galiza, directa ou indirectamente, dirixidas á reconstrución do Peto de Ánimas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a reconstrución do monumento ou vai permitir que os restos, recollidos pola veciñanza e pola asociación cultura Colectivo Capitán Gosende, sigan amoreados e que o mero transcurso do tempo imposibilite unha efectiva reconstrución?

. Formulou a Xunta de Galiza algunha reclamación fronte a persoa responsábel do sinistro ou a súa compañía aseguradora, ou personouse a tal fin nalgún procedemento xudicial?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2022 12:47:42

Mercedes Queixas Zas na data 07/06/2022 12:47:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/06/2022 12:47:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade pública empresarial Augas de Galicia está a poñer condicións moi restritivas ás comunidades veciñais de augas na renovación de concesión de captacións para abastecemento a vivendas.

En aplicación dos artigos 16.1.a), 18.1 e 21.1.c) da Lei 2/2016 do solo e urbanismo de Galiza, a Xunta interpreta que a existencia da rede municipal de subministro con capacidade para abastecer a vivendas determina a improcedencia de outorgamento dunha concesión para uso doméstico, debido á necesidade legal dos propietarios de parcelas de solo urbano de conectarse ás redes públicas.

Este criterio baséase nunha nota emitida en abril de 2019 pola Subdirección Xeral de xestión do dominio público hidráulico de Augas de Galicia co título de “Consulta sobre procedencia de outorgar unha concesión de augas para uso doméstico cando existe rede municipal de subministración de rede municipal de subministración domiciliar de auga”.

En virtude desta nota, Augas de Galicia considera que no caso da renovación de concesións iniciadas antes de abril de 2019 debe informar favorablemente a citada renovación, se ben reducindo o prazo a 10 anos en lugar de 20 e coa obriga dos usuarios de ir realizando a conexión á rede municipal ao longo dese prazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso das solicitudes de renovación da concesión que iniciaron a tramitación con posterioridade ao 4/4/2019 o criterio é a denegación da renovación da concesión para consumo doméstico e a obriga por parte dos usuarios de conectarse á rede municipal. Nestes casos, a concesión só podería manterse para outros usos, como a rega de xardíns e hortas.

Desde o BNG consideramos que a aplicación estrita destes criterios pon en cuestión a existencia e a viabilidade das traídas veciñais, que son unha solución propia do medio rural e periurbano galego á necesidade de acceso por parte da veciñanza a un ben esencial como a auga.

Coa aplicación desta interpretación legal, na práctica vaise levar a cabo a liquidación das traídas veciñais entendidas como complemento ou alternativa á rede municipal. Vaise botar por terra un sistema de gobernanza da auga que forma parte da tradición e da identidade galega, que conforma un sistema de xestión comunitaria característico do noso medio rural, e que é resultado dun grande esforzo material e económico para a construción de infraestruturas de captación, almacenaxe e abastecemento. Dáse ademais o paradoxo de que nos últimos anos a Xunta está a colaborar economicamente na mellora destes sistemas veciñais de abastecemento e que en moitas destas comunidades producíronse ao longo da última década grandes avances na xestión, na tecnoloxía e no tratamento da auga, acadando niveis de calidade do servizo semellantes e mesmo superiores a redes municipais. Dáse ademais a circunstancia de que hai sistemas de abastecemento comunitarios galegos que forman parte de boas prácticas e modelos de referencia en Europa, xunto con sistemas semellantes que existen en Austria ou Irlanda.

O trasfondo destas actuacións de Augas de Galicia ten que ver con unha visión uniformizadora, que aplica as normas facendo tábula rasa, ignorando e desprezando unha realidade propia do ámbito rural e periurbano galego. Preténdese ademais eliminar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un axente estraño e incómodo nun deseño baseado na visión da auga como un negocio en mans de concesión privadas que xestionan de xeito maioritario as redes municipais.

Por todo isto formúlanse as seguintes pregunta para resposta escrita:

. Vai manter a Xunta o criterio que se seguiu até o ano 2019 para a renovación das concesións de usuarios de augas?

. Ten previsto o goberno galego levar a cabo as modificación legais necesarias para darlle seguridade xurídica, viabilidade e continuidade ás comunidades veciñais de auga para abastecemento domiciliario?

. Ten previsto a Xunta recoñecer o papel histórico das traídas veciñais como fórmula xenuinamente galega de gobernanza da auga, o esforzo de modernización levado a cabo por moitas delas nos últimos anos e, en consecuencia, apoialas técnica e economicamente no seu proceso de actualización e mellora das instalación e dos servizos que prestan?

. Vai desenvolver o goberno galego, en colaboración coas entidades que representan e agrupan a comunidades de augas e cos medios económicos precisos, un plan de información, formación e asesoramento técnico en materia de xestión, gobernanza, normas de calidade, eficiencia, avances tecnolóxicos... co obxecto de garantir a sustentabilidade e a excelencia dos sistemas veciñais de abastecemento de auga?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 07/06/2022 16:40:06

Alexandra Fernández Gómez na data 07/06/2022 16:40:10

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2022 16:40:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a necesidade de ofertar bacharelato de artes no Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Baixo Miño, un territorio no que viven aproximadamente 50.000 veciñas e veciños, ten unha oferta educativa cada vez máis precarizada polos recortes da Consellaría de Educación. Recortes que se evidencian nunha oferta educativa moi limitada que impide ao alumnado desta comarca optar a opcións educativas tan necesarias como o Bacharelato de Artes.

Na actualidade, calquera alumno ou alumna do Baixo Miño que queira cursar os seus estudos de Bacharelato de Artes non ten máis remedio que facelo fóra da súa comarca. A oferta educativa máis próxima destes estudos atópase no concello de Mos, un centro educativo no que a oferta de artes fica todos os anos ao límite ou saturada, e que se atopa a 50 Km de concellos como A Guarda ou Oia.

En consecuencia, calquera alumno ou alumno do Baixo Miño que queira optar pola opción do bacharelato artístico, está obrigado a desprazarse a diario até Mos ou Vigo. Unha alternativa que non é tal porque obriga ás familias do Baixo Miño a asumir un custe aproximado de 300 € ao mes só en transporte. Mais se isto non fose dabondo, obriga tamén a que as alumnas e alumnos desta comarca teñan que percorrer máis de 100 km ao día para exercer o seu dereito á educación e a perder 3 horas dun tempo imprescindible para o estudantado, en desprazamentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar dunha situación que, tal e como están a denunciar alumnado e familias, implica dúas realidades absolutamente intolerábeis. Por unha banda, implica unha discriminación evidente en tempo e diñeiro para a mocidade do Baixo Miño que aposte por estudar Bacharelato de Artes. Mais pola outra, ten tamén un evidente efecto disuasorio para estudantes que tendo como primeira opción o Bacharelato de Artes, renuncian a este itinerario académico polos impedimentos económicos, de distancia e de tempo que implicaría ir estudar a Vigo ou a Mos.

No Baixo Miño danse as condicións obxectivas de demanda e identidade artística para que dende a Consellaría de Educación se remate coa discriminación desta comarca. O carácter transfronteirizo e o dinamismo cultural dos concellos que conforman esta comarca, así como o de vilas veciñas de alén Miño, como Vilanova de Cerveira, conforman un potencial cultural e artística que actuaría como revulsivo e polo de atracción internacional para este tipo de estudos na comarca do Baixo Miño de se instalar o Bacharelato de artes nalgúns dos IES da comarca.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Consellaría de Educación iniciar os trámites necesarios para incorporar á oferta educativa do Baixo Miño os estudos do Bacharelato de Artes de cara ao curso 2023/24?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/06/2022 09:59:55

Daniel Castro García na data 08/06/2022 10:00:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/06/2022 10:00:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o contido emitido no programa Fun polo Aire da TVG o 7 xuño a respecto da cirurxía estética, concretamente de aumento de glúteos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguir reproducimos integramente o contido do chío difundido a través da conta oficial de Twitter da TVG recollido do programa Fun polo aire da canle pública:

← Tweet





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na peza audiovisual pódese escoitar ao propietario dunha clínica de cirurxía estática falar do aumento do consumo deste tipo de operacións dirixidas a aumentar a firmeza e/ou o tamaño dos glúteos, maioritariamente entre as mulleres (30-50 anos).

Logo unha sucesión de persoas anónimas que din preferir os cus grandes, cal son os seus referentes nesta materia, se os teñen e a súa opinión sobre operarse ou non.

De novo o propietario da clínica fala dos tipos de implante que se usan e que nesta vida todo ten risco “até beber auga”.

O final “acudir a un profesional”, como o da clínica visitada, imaxinamos.

En ningún momento se sinala o contido como patrocinio ou promoción publicitaria.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

O contido ao que se refire esta iniciativa era promocional? Pagou a clínica por protagonizar a reportaxe?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 08/06/2022 10:14:20

María González Albert na data 08/06/2022 10:14:25

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2022 10:14:37



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A atención temperá refírese ao conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta, o antes posible, ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos.

Trátase dun recurso fundamental para poder previr un déficit no desenvolvemento e tamén para tratalo, polo que a saúde da parte da poboación galega infantil afectada depende en gran medida deste recurso.

Sen embargo a pesar da importancia que ten este servizo, é un gran descoñecido. De feito, en moitas ocasións existe a tendencia a crer que é unha terapia ou conxunto de terapias para nenos de 0 a 6 anos simplemente, sen embargo a súa función vai moito máis alá. É un servizo que traballa directamente cos menores, pero tamén coas súas familias, en coordinación cos pediatras, escolas infantís e centros escolares, servizos sociais, etc nunha visión multidisciplinar e transversal.

Preto de 2000 menores de 6 anos en Galicia xa contan cun grao de discapacidade recoñecido, o cal da mostra da magnitude da necesidade e demanda social que este recurso xera na poboación, tendo en conta que existe unha gran maioría de menores de seis anos que non contan cunha diagnose nin grao recoñecido. E os estudos indican que a poboación diana sitúase en torno a un 11 % dos nenos e nenas de entre 0 a 6 anos.

En Galicia existen tempos de espera en atención temperá de incluso un ano, e o acceso ao servizo amosa unha evidente desigualdade territorial, evidenciando que non existen as mesmas oportunidades senón que segundo onde nazan os nenos terán acceso ao servizo ou non.



Tendo en conta o tipo de poboación susceptible de ser usuaria, menores de 0 a 6 anos, debe de rexer o interese do menor sempre, e nesta cuestión estarase a vulnerar se non dotamos de medios a un recurso que ten que ser de uso inmediato e accesible unha vez se prescribe polo facultativo ou se solicita a través das familias. O feito de que as listas de espera demoren o acceso do menor ao servizo pode supoñer un detrimento na propia saúde, nas facultades ou desenvolvemento de dito menor. É verdade que a Atención Temperá en Galicia ten experimentado un crecemento constante nos últimos anos pero cando comparamos a cobertura e a contía de inversión por habitante de 0 a 6 anos co resto das comunidades autónomas, aínda ocupamos os últimos lugares de España.

Ademais hai que engadir que Galicia é a comunidade autónoma que menos inviste por habitante potencialmente en situación de dependencia de toda España, polo que é importante que o Goberno galego incremente esforzos, discriminando positivamente este tipo de casuísticas, para que, neste caso menores con dificultades, gasten todas as oportunidades posibles ata optimizar ao máximo a súa saúde e as propias capacidades e oportunidades.

Recentemente a Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños presentou os seus datos anuais, neles indicábase que foron atendidos un total de 113 menores de toda a comarca con idades que van dos 0 aos 6 anos (un 3,6 % da poboación neste rango de idade), tamén se sinala que moitos usuarios aínda non puideron recibir atención pola lista de espera existente (202,7 días) e destácase a necesidade de ampliar o servizo, unha demanda que levan realizando dende a propia unidade nos últimos anos.

Fai pouco tempo dende o Goberno galego díxose que foron atendidas todas as peticións de reforzo en toda Galicia, pero en Carballo non foi así. A maiores establécese que a idade media de acceso a dito servizo experimentou un leve aumento motivado polo retardo nos procesos de detección nos servizos de primeira atención, así no ano 2021 a idade media situouse nos 3 anos, fronte aos 2,9 na que se situaba no 2020.



Á marxe destes datos, xa por si malos, a realidade é aínda moito peor e así nolo manifestaron un gran número de pais dos nenos usuarios do servizo. Citando as palabras dalgúns dos pais e nais “nalgúns casos, nalgúns momentos, a atención é máis simbólica ou tendente a engordar as cifras que real e efectiva”.

Segundo explicacións das persoas usuarias durante a peor parte da pandemia non houbo terapias (que en cambio si continuaron nos centros privados), e cando a situación se foi normalizando, restablecéronse ao 50 % destas terapias, quedando a outra metade á espera dun apoio telemático que nunca existiu. Esta situación supuxo que durante moitos meses, os nenos non tiveron ningún tipo de apoio, precisamente nun dos momentos de maior necesidade. E ademais, o restablecemento do 50 % das terapias tampouco significou exactamente o que indica a cifra, xa que no mellor dos casos iso daba unha asistencia dunha sesión cada 15 días que de coincidir con calquera incidencia do profesional (día libre do profesional, curso de formación, reunión de equipo...), ou do propio neno (indisposición...), ou do calendario (un festivo...) o menor quedaba sen terapia en todo o mes, e iso mesmo foi o que ocorreu de forma reiterada nalgún dos casos. Que un neno con necesidades especiais reciba 45 minutos de terapia en 45 días, ao entender dos profesionais consultados, é «calquera cousa menos dicir que está a ser atendido».

Nin que comentar das especialidades de que dispón o Centro, só por poñer dous exemplos moi notorios, non hai fisioterapeuta nin terapia ocupacional. Incomprensiblemente, son especialidades que en cambio si están nos centros próximos ao de Carballo con moitos menos usuarios que a Unidade de Bergantiños. Tampouco se comprende que, por citar aos centros máis próximos e con moitos menos usuarios reais e potenciais por índices de poboación, a Unidade de Bergantiños conte con 3 profesionais para 116 nenos (lista de espera dun ano) mentres que Soneira conta con 4 profesionais para 85 (lista de espera dun mes) e A Laracha con 4 profesionais atende 35 (sen lista de espera).

Pero non acaba aquí o problema, porque o persoal non só é escaso, senón que ademais nalgún dos casos goza de pouca estabilidade. Por nomear unha área, diremos que psicomotricidade, tivo uns constantes cambios de terapeuta –nos últimos 4 anos houbo concretamente 4 profesionais diferentes–, con todo o que leva aparelado.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedor o Goberno galego da situación que está a vivir a Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños?
2. Cales son as medidas que vai a tomar o Goberno galego para dotar de máis medios á UDIAF de Bergantiños?
3. Pensan establecer un control de calidade do devandito servizo para garantir que a prestación do mesmo cumpre cos obxectivos e poder desta maneira intervir coa presteza e eficacia ante as necesidades que poidan sobrevivir?

Pazo do Parlamento, 8 de xuño do 2022

Asdo.: Martín Seco García
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 08/06/2022 12:15:31

Marina Ortega Otero na data 08/06/2022 12:15:43

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2022 12:15:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas urxentes que debe impulsar a Xunta de Galiza para favorecer a emancipación da mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de emancipación ofrecidos polo *Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España*, revelan a gravidade da situación en Galiza. Segundo este informe, 4 de cada 10 mozos e mozas galegas de entre 30 e 34 anos non logran facer unha vida independente, o que representa a segunda peor taxa de estado- só empeora esta cifra Canarias. Os datos de emancipación nesta franxa de idade reflexan a existencia dunha enorme dificultade para a mocidade en lograr facer unha vida autónoma unha vez entrados na trintena, é dicir toda vez que as etapas de estudo ou dunha primeira etapa laboral, frecuentemente xa foron superadas.

Detrás destas dificultades están, entre outros, o aumento desorbitado dos prezos da vivenda libre -constituída esta como practicamente a única vía de acceso á vivenda en aluguer da que dispoñen- e a precariedade laboral. Tal é así que para moitos mozos e mozas ter traballo xa non é garantía de poder acceder a unha vivenda. Segundo datos do *Observatorio da vivenda de Galiza*, unha persoa moza asalariada que se queira emancipar en Galiza ten que dedicar de media un 60% dos seus ingresos a pagar o alugueiro. Se a isto lle sumamos os gastos de luz e auga, vemos como a suma dos gastos relacionados coa vivenda son un limiar inalcanzable para os salarios da mocidade. De





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aí que a metade dos galegos e galegas de entre 25 e 34 anos que seguen vivindo cos seus pais, teñan traballo ao longo de todo o ano.

A suba xeneralizada de prezos dos últimos meses non se corresponde coa evolución dos salarios. Tampouco o imparable aumento dos prezos do alugueiro que se rexistraron nos últimos anos é asumible para os actuais salarios. A combinación da ambos procesos agrava as dificultades para as xeracións máis novas. A burbulla dos prezos da vivenda e da subministración básica, estase convertendo nunha lousa importante para a mocidade, ben impedindo a súa emancipación ou ben deixándoos coa auga ao pescozo.

Ante esta situación a Xunta de Galiza optou por mirar para outro lado. Non existe ningún plan específico para abordar esta situación e tampouco dentro do novo Plan de Vivenda se lle dedica especial atención. Nos últimos anos a Consellería de Vivenda non ten impulsado ningunha medida propia que lle servise de axuda á mocidade para ter alugueiros accesibles.

O único programa que existía eran as axudas ao aluguer para a mocidade incluídas dentro do anterior Plan Estatal de Vivenda, que foron boicoteadas activamente pola Xunta, ben non realizando as convocatorias, ben deixando sen executar os fondos.

Agora que o Goberno Central vén de anunciar o impulso do Bono Xove, a Xunta actúa con impostura denunciando que esta axuda apenas cubrirá unhas 4.000 solicitudes. As 4.000 solicitudes parécenlle agora insuficientes, cando o ano anterior apenas deron 286 axudas ao aluguer para menores de 35 anos, namentres deixaban o 36% desa partida sen executar. A actitude da Xunta revela máis unha intención de boicot ao programa do que unha preocupación real pola cobertura das necesidades da xente moza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É certo que este tipo de axudas ao aluguer deberan ter unha cobertura maior, pois os fondos son insuficientes e os perfís dos posibles demandantes exclúen a sectores importantes da mocidade que precisan de axuda para lograr acceder a unha vivenda. Ademais, a política de axudas ao aluguer debe ser unha medida puntual que debe acompañarse doutras de carácter máis estrutural, co fin de evitar os seus efectos negativos, como un posible aumento dos prezos do mercado, e aportar solucións máis económicas e resilientes a medio prazo.

Por iso, a resposta por parte da Xunta ten que ir máis alá da denuncia dalgún destes aspectos mellorables do bono estatal e propor solucións dende as súas propias competencias e responsabilidade nesta materia. Existen numerosos plans e medidas urxentes que a Consellería responsable na materia de vivenda pode e debe impulsar.

Por último, cómpre lembrar que tamén é responsabilidade da Xunta axilizar a convocatoria do Bono Xove estatal, xa que noutras CCAA xa se puxeron en marcha. Estamos xa a mediados de ano e son milleiros de mozos e mozas que seguen agardando con incredulidade e desesperación que Estado e Xunta acorden e axilicen a tramitación das axudas.

Dende o BNG solicitamos que, por unha banda, se convoquen de inmediato as axudas do Bono Xove estatal e que a Xunta no exercicio das súas competencias amplíe a cobertura deste tipo de axudas ao aluguer. Por outra, a Consellería debe impulsar de forma urxente un Plan galego que marque obxectivos estratéxicos e defina un catálogo de medidas e programas que faciliten o acceso á vivenda para a mocidade, especialmente para aqueles que sofren unha situación de maior precariedade económica e vulnerabilidade social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que actuacións ten tomado a Xunta de Galiza co fin de axilizar a tramitación do Bono Xove estatal?
- Cando ten previsto a Xunta que se abra a convocatoria destas axudas?
- Ten previsto a Xunta de Galiza ampliar a cobertura destas axudas con fondos propios ou con programas que complementen o número de beneficiarios posibles?
- A Xunta ten previsto algún programa dirixido a facilitar o acceso ao aluguer a aqueles estudantes que se despracen do seu fogar familiar e que non dispoñen dun contrato laboral que lles permita acceder ao Bono Xove estatal?
- Considera a Xunta de Galiza que o aumento dos prezos da vivenda no mercado libre está a dificultar as posibilidades de formación da xente moza en Galiza?
- Considera a Xunta de Galiza que o aumento dos prezos da vivenda no mercado libre está a dificultar as posibilidades de emancipación da xente moza en Galiza?
- Que medidas vai impulsar para reducir o aumento dos prezos da vivenda libre?
- Considera a Xunta de Galiza que os datos de emancipación en Galiza son preocupantes?
- Vai a Xunta de Galiza impulsar un Plan para a emancipación dos mozos e mozas que viven en Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2022 12:53:05

Paulo Ríos Santomé na data 08/06/2022 12:53:08

Alexandra Fernández Gómez na data 08/06/2022 12:53:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Secretaría Xeral de Igualdade resolveu o 11 de abril de 2022 as solicitudes de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, un procedemento de concorrência competitiva cunha dotación total de preto de 1,4 millóns de euros.

Estes programas teñen como finalidade fomentar a igualdade de oportunidades para contribuír á redución da dobre discriminación en que se atopan as mulleres en situación de especial vulnerabilidade para dotalas dunha maior autonomía e independencia co fin de mellorar a súa situación persoal, social e laboral, polo que deberán incluír unha atención personalizada e especializada de cara á integración social e laboral das participantes, e responder a un dos seguintes tipos:

a) Programa de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade, con fillas ou fillos menores de tres anos.

O programa debe incluír unha atención integral e especializada a mulleres xestantes e lactantes en situación de especial vulnerabilidade a través de accións dirixidas a promover o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral e a súa autonomía económica e afectiva, co fin de evitar que unha situación desexable se poida converter nun factor de exclusión.

Os programas que se presenten a esta modalidade deben conter información sobre recursos integrais específicos para elas e as súas fillas e fillos; de acompañamento social e de apoio psicolóxico para a superación de cargas emocionais provocadas pola dita situación; de adquisición de competencias e habilidades persoais e sociais, e para a mellora da empregabilidade, así como servizos ou medidas de apoio na busca ou para o mantemento do emprego.

b) Programa de recursos integrais de atención personalizada e especializada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou a varios colectivos en que conorra a dita situación.



O programa debe incluír unha atención personalizada recollida en proxectos de integración individuais en que se plasmen intervencións específicas. Debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade pertencentes ao colectivo ou colectivos a que se dirixe, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade.

Unha vez resolta esta convocatoria, e a partir dunha análise pormenorizada realizada polo Grupo Socialista, advertimos certas cuestións que non parecen responder aos obxectivos marcados e que tampouco cumpren coa legalidade vixente establecida polas leis galegas 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes e a 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, recollidas no Decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Do mesmo xeito, existen asociacións pro-vida que reciben cada ano estas subvencións da Xunta de Galicia que basean os seus proxectos de acompañamento a mulleres xestantes ou a nais en situación de vulnerabilidade en argumentos antiabortistas fundamentados en estudos que en absoluto teñen base científica.

Finalmente, comprobamos como nas bases destas axudas non existe a perspectiva de xénero que si se esixe noutras iniciativas como proxectos ou proposicións de leis. Como resultado, varias das asociacións que recibiron estas axudas nin empregan a linguaxe inclusiva nin moito menos aplican unha perspectiva de xénero nin accións dirixidas á necesaria igualdade pretendida.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) En que consisten os proxectos concretos da Red Madre que nas súas delegacións de Ourense, Pontevedra e A Coruña recibiron as axudas para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade?

2ª) En que consiste e a que obxectivo responde a subvención á Asociación de Ayuda a la Vida (Ayuvi) para o programa 'Ti Podes' da convocatoria de axudas para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/06/2022 11:25:13

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2022 11:25:45

Noelia Otero Lago na data 08/06/2022 11:25:56

Marina Ortega Otero na data 08/06/2022 11:26:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Montserrat Prado Cores, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As enfermidades profesionais no sector da industria da pedra e do mármore son recorrentes ao longo da historia. Un problema que parece enquistado dados os resultados epidemiolóxicos máis recentes e que puidera parecer tamén insuperábel.

En opinión do BNG estes feitos evidencian unha deficiente prevención de riscos laborais nas empresas do sector, e unha deficiente actuación por parte das administracións titulares das competencias de control e vixilancia do cumprimento das normas de prevención de riscos laborais, nomeadamente por parte da Xunta de Galiza.

O informe do “Instituto Nacional de Silicosis” do ano 2020 deixa os seguintes datos para Galiza:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

	N. SIMPLE	N. COMPLICADA	F.I.D.	Total
Activos	41	9	-	50
Pensionistas	10	10	-	20
Total	51	19	-	70

Dos corenta e un traballadores e traballadoras en activo con diagnose de neumoconiose simple, trinta e sete proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 25,4 anos. Destes, catro presentan enfermidades intercorrentes (dous cardiopatía, un TPR e outro EPOC).

Outros tres traballadores ou traballadoras deste grupo proveñen do sector do granito, desenvolven a súa labor en naves de elaboración, teñen unha historia laboral de risco media de 31,3 anos e un deles presenta EPOC como enfermidade intercorrente. A outra persoa restante desenvolve unha labor no sector das marmorerías desde hai 31 anos.

Das nove persoas en activo diagnosticadas con neumoconiose complicada, seis proceden do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 30,5 anos. Unha destas persoas presenta TPR como enfermidade intercorrente. Outras pertencen ao sector do granito, unha delas traballa nunha canteira desde hai 23 anos e outra nunha nave de elaboración cunha historia laboral de risco de 30 anos. A persoa restante traballa na construción desde hai 36 anos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As dez persoas pensionistas diagnosticadas con neumoconiose simple proveñen do sector da lousa e teñen unha historia laboral de risco media de 32,1 anos. Unha delas presenta cardiopatía como enfermidade intercorrente.

Oito das dez pensionistas diagnosticadas con neumoconiose complicada proveñen do sector da lousa, presentan unha historia laboral de risco media de 39,6 anos e dúas delas presentan EPOC como enfermidade intercorrente. Outra das pensionistas deste grupo ten traballado en naves de elaboración de granito, presenta EPOC como enfermidade intercorrente pero descoñécese a súa historia laboral de risco. A última das pensionistas deste grupo procede do sector das marmorerías, ten unha historia laboral de risco de 20 anos e presenta EPOC e cardiopatía como enfermidades intercorrentes.

De entre as conclusións deste informe, desde o BNG vémonos na obriga de salientar pola súa importancia as seguintes:

- A porcentaxe de novos casos correspondentes a persoal en activo continúa superando, un ano máis, o 60%.
- Nun elevado número de casos, o 34,5%, a diagnose inicial resulta neumoconiose complicada, o que podería evitarse con unha axeitada vixilancia da saúde dos traballadores e traballadoras do sector.

Con estes datos enriba da mesa resulta inxustificábel que, por exemplo, o Hospital Público de referencia dunha das zonas máis afectadas polas enfermidades da industria da pedra, como é o oriente ourensán, non dispoña, nin sequera, dun servizo de neumoloxía básico para atender estas enfermidades prevalentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza os datos dos últimos informes elaborados polo “Instituto Nacional da Silicose”?

. Como valora a Xunta de Galiza na súa condición de autoridade laboral o feito de que en todos os últimos informes publicados se conclúa reiteradamente que a prevención de riscos laborais no sector é deficiente?

. Como explica a Xunta de Galiza que ningún organismo galego participara na elaboración do último Protocolo de vixilancia específica para a silicose? Como valora este último protocolo? Que actuacións realizou para garantir a súa aplicación?

. Como explica o feito de que no Hospital Público de Valdeorras non exista un servizo de neumoloxía?

. Como valora o feito de que sendo Galiza, e nomeadamente a provincia de Ourense, o territorio do estado español onde máis casos de silicose se diagnostican todos os anos non exista no sistema público de saúde galego unha unidade especializada e haxa que remitir doentes e consultas ao centro de Asturias?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Montserrat Prado Cores

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/06/2022 13:52:41

Daniel Pérez López na data 08/06/2022 13:52:46

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2022 13:52:56

María González Albert na data 08/06/2022 13:53:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as carencias da programación infantil na CRTVG e o incumprimento dos acordos parlamentares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio de 2021, vai máis de un ano, o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas. Esa iniciativa pretendía reforzar a programación infantil en galego como unha necesidade básica das crianzas deste país no acceso a contido audiovisual de calidade na súa propia lingua.

A proposta fora impulsada por'A Mesa pola Normalización Lingüística e fixábase o reto de crear unha canle 'Xabarín' para reforzar a programación infantil e xuvenil en galego logrando o acordo unánime desta Cámara despois de que BNG e PSdeG fixeramos propia a iniciativa para defendela e tras a incorporación dunha emenda do PPdeG que se sumou así ao acordo.

Deste xeito, este foi o texto acordado e aprobado en Pleno por unanimidade en sesión de 11 de Maio de 2021:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º. Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2º. Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.

3º. Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

4º. Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galiza e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.»





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares dese acordo parlamentar unánime, un ano despois pouco ou nada se ten efectivizado na práctica. No que ten a ver coas canles clásicas de televisión a programación infantil segue desaparecida da TVG e relegada á segunda canle.

E que acontece nesa TVG2?

A programación infantil comeza ás 19:00 horas; hora en ningún caso axeitada para que as crianzas comecen a ver a TV. O outro horario no que a TVG2 emite programación para a rapazada é de 7:00 a 8:30 da mañá. Tamén un horario moi apropiado. Isto de luns a venres. As fins de semana a cuestión empeora e só temos o Xabarín Club Almorzo cunha duración de 1h e 25' que comeza a emitirse ás 7:20 horas (o sábado) e ás 7:00 horas (o domingo); pola tarde non hai nin un minuto de programación infantil.

Que acontece, por outra banda, coa aplicación “Xabarín”? Unha interface pésima, con debuxos desactualizados e de difícil acceso. Incluso algunhas seccións do Xabarín levan emitindo o mesmo (contos, visitas a coles...) durante anos; problemas de carga, falta de series novas... e así poderíamos seguir. Ao tempo, a día de hoxe, continúa sen haber unha app para Smart TV mentres que a app móbil non permite a conexión con Chromecast nin o envío ao televisor.

E se miramos a “Radio Picariña”? Nacida en xuño de 2018 con algo máis de 1.000 cancións. Que atopamos hoxe?: o mesmo repertorio e nin sequera acceso visíbel desde a web “infantil” da CRTVG.

Vista a situación na que nos atopamos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera que a CRTVG está a cumprir co acordo parlamentar de maio de 2021 que reclamaba que a CRTVG “aumente a oferta en galego destinada á infancia e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG”?

- Que accións se teñen tomado para efectivizalo?
- Como ten aumentado a oferta en galego destinada a infancia e mocidade neste último ano?
- Que reforzo se ten feito na compra e/ou produción de novos produtos audiovisuais para infancia e mocidade?
- Como se ten mellorado a app Xabarín?
- Que reforzo se ten feito do contido e promoción de Radio Picariña?
- Hai algunha previsión de deixar de relegar a programación infantil á TVG2 e, dentro desta, a horarios imposíbeis para as crianzas?
- Está a CRTVG a facer un esforzo de inclusión da xente pequena e moza dentro das súas audiencias ofertándolles unha produción de calidade en galego e polo tanto cumprindo deber que lle asigna o mandato marco?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 08/06/2022 15:36:55

Alexandra Fernández Gómez na data 08/06/2022 15:37:06

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2022 15:37:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A atención sanitaria no concello de Lalín, que como cabeceira de comarca afecta a todo o Deza, ven sendo obxecto de debate dende hai anos por mor das eivas que o SERGAS non resolve de maneira efectiva no que corresponde á mellora dos recursos existentes.

Despois do inicio do Centro Integral de Saúde, que se iniciou máis dunha década despois de que o Partido Popular o considerase prioritario e o anunciase, e tras varias idas e vidas na súa consideración segundo se a cor do Goberno municipal era coincidente cos seus intereses dende a Xunta de Galicia ou non, a situación no que corresponde aos recursos existentes na actualidade segue a ser deficitaria. No que corresponde ao centro de saúde e ao PAC son moi poucas as ocasións en que se cobren as ausencias de profesionais, ben sexan por baixas, vacacións ou días dispoñibles polos profesionais. Esta situación provoca que a realidade asistencial sexa sempre alterada e os cupos e ratios sexan máis elevados dos que formalmente se recollen. Así, os profesionais están ampliando a súa xornada laboral, estendendo o seu traballo e dobrando esforzos para poder cubrir as necesidades sanitarias da poboación.

Ademais dos recursos persoais nos centros de atención primaria, nesta comarca resulta de especial relevancia a dotación de ambulancias. Durante os últimos anos o colectivo profesional sanitario leva demandando unha dotación maior de vehículos de ambulancias, proposta que conta co respaldo do pleno municipal de Lalín. Algúns casos dos recentes tempos volveron a poñer de manifesto a necesidade de redimensionar este servizo, que na comarca do Deza ten unha relevancia espacial. A enorme dispersión poboacional, froito do tamaño dos concellos afectados, e as grandes distancias a percorrer dentro da comarca así como o desprazamento ao Hospital de Santiago de Compostela, que é o de referencia da zona (centro de Agolada ao Hospital superan os 65 quilómetros, e do centro de Lalín son algo máis de 55), supoñen un problema engadido especialmente en patoloxías tempo-dependentes. Esta comarca está sendo axudada por vehículos doutras zonas, como do Carballiño ou do propio Santiago, debido á saturación de servizos e á demora destes debido ás distancias



que se producen nos vehículos xa en funcionamento. Esta saturación provoca solucións parcheadas intermedias, como o traslado de pacientes en gasolinerías ou en puntos intermedios da autopista Lalín – Santiago para poder reutilizar inmediatamente o vehículo noutras atencións que fican á espera.

Tras algún incidente con consecuencias fatais, o por entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, comprometeu en sesión parlamentaria unha dotación dunha nova ambulancia para Lalín. A única realidade é que a dotación que aumentou en Lalín foi un vehículo de apoio, que non opera durante todo o día e só o fai de luns a venres porque non ten dotación de recursos para facelo de maneira completa. O pleno de Lalín aprobou por unanimidade a demanda á Xunta de Galicia dunha ambulancia medicalizada de 24 h. de servizo. Incluso o grupo socialista ofreceu un acordo para avanzar progresivamente na dotación formulando unha solución intermedia como é un novo vehículo asistencial, con boa dotación de recursos materiais, e que dispoña da capacidade de estar en funcionamento 24 h. todos os días sen necesidade inicialmente de ser medicalizado. Ningunha das formulacións chegou a bo porto, co propio alcalde da localidade desdicíndose do seu apoio inicial ás propostas tanto dos profesionais sanitarios como a específica do grupo socialista. En defensa do seu partido apelou, primeiro, á necesidade de que estivera terminado o novo CIS (vinculando dous servizos independentes coma se fose necesario un para poder dispoñer do outro) e recentemente negando esta posibilidade ata o novo concurso de ambulancias, obviando e escusando a incapacidade do SERGAS de renegociar o contrato por necesidades do servizo.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia incluír unha nova ambulancia no novo concurso de transporte sanitario para a comarca do Deza no ano 2023?
- 2.^a) Por que non toma en consideración o SERGAS dotar de maneira extraordinaria e inmediata unha ambulancia SVB para o Deza con funcionamento 24 horas durante todos os días?
- 3.^a) Cre o Goberno de Galicia que o vehículo de apoio que funciona só de luns a venres durante só a metade do día cumpre co comprometido por Núñez Feijóo de dotar a Lalín dunha nova ambulancia?
- 4.^a) A dotación do vehículo de apoio que traballa agora no Deza fíxose vía renovación de concurso ou foi unha dotación extraordinaria no seu momento?



5.^a) Cre razoable o Goberno de Galicia vincular a dotación dunha nova ambulancia para Lalín á finalización do CIS? Cando está prevista a finalización do CIS?

6.^a) Por que o Goberno da Xunta de Galicia non está a atender as demandas dos profesionais sanitarios e do pleno do concello de Lalín en termos de dotación de recursos materiais e humanos para a atención primaria na comarca?

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2022 16:05:53

Marina Ortega Otero na data 08/06/2022 16:06:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a actividade da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de maio do 2021 a web da Xunta de Galiza publica a constitución da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza, máis coñecida como IMPULSA GALIZA. Segundo o publicado pola Xunta aquel 3 de maio do ano pasado, “este instrumento contribuirá, por exemplo, á maduración das iniciativas da candidatura galega agrupadas arredor do Polo para a Transformación de Galicia.

Este Polo, co que se prevé mobilizar máis de 3.000M€ nos tres primeiros anos, conta con oito iniciativas que nos poden permitir empezar a producir hidróxeno verde, dispoñer dunha planta para converter a celulosa en fibras téxtiles, poñer en funcionamento un centro de xeración de biogás a partir do tratamento de residuos, expandir as enerxías renovables, e impulsar a dixitalización industrial.

Trátase, pois, dun novo actor que contribuirá a dar impulso á candidatura galega aos fondos Next Generation que, neste momento, abrangue un total de 354 iniciativas que poderían chega a mobilizar un investimento de 20.000M€ e que se apoia en tres principios rectores; involucrar as pemes, facer da I+D+i un elemento transversal e fomentar a colaboración público-privada.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois das críticas recibidas pola constitución dunha sociedade sen ningunha muller no Consello de administración, nomearon unha directora xeral e incorporaron outras dúas mulleres ao propio Consello.

Por outra banda, vimos de coñecer que a Sociedade Impulsa declara un activo de 7,2 millóns de euros e un beneficio no exercicio 2021 de 224.000€.

O día 3 de xuño deste ano o Director Xeral do IGAPE acudiu, en representación da Xunta, á Comisión 3ª para responder ás preguntas presentadas por este grupo sobre o funcionamento e o resultado da Sociedade Impulsa, mais evitou responder a ningunha delas, faltando ao respecto da cámara, aos lexítimos dereitos do Grupo Parlamentar do BNG a exercer o seu labor de control sobre a acción de goberno, e aos máis lexítimos e democráticos dereitos de pobo galego de coñecer como para que se empregan os fondos públicos.

É por isto que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

- 1.- Por que un capital inicial de 5 millóns de euros? Como chegou a declarar un activo a 7,2 millóns de euros e uns beneficios de 224.000 euros?
- 2.- Cales foron os custes operativos da Sociedade Impulsa?
- 3.- Cantas tarefas ou servizos realiza con persoal propio e cantas subcontrata?
- 4.- Que volume da actividade da Sociedade Impulsa se realiza coas sociedades coas que está vinculada?
- 5.- Con que empresas subcontrata a prestación de servizos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Están entre eses servizos a elaboración de informes ou outros servizos de consultoría? Cantos contratos ou encargos deste tipo ten realizado e cantos están finalizados? Cal foi o seu custe?

7.- Cales as retribucións do Consello de administración e alta dirección?

8.- En cantos proxectos están traballando? Cal o grao de maduración dos diferentes proxectos?

9.- Cantas empresas están comprometidas cos diferentes proxectos?

10.- En cales dos PERTES anunciados polo goberno estatal terían cabida os proxectos cos que traballan? Cumpren todas condicións estipuladas?

11.- Cantas reunións con representantes do goberno central ten celebrado relativas a estes proxectos? Que lle comunican ao respecto?

12.- Por que o día de 3 de xuño a Xunta evitou responder ás preguntas do Grupo Parlamentar do BNG sobre o funcionamento e os resultados da Sociedade Impulsa?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/06/2022 17:58:56

Daniel Pérez López na data 08/06/2022 17:59:01

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2022 17:59:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a sentenza que condena a CRTVG polo despedimento dun directivo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o TSXG fallou en contra, unha vez máis, da CRTVG polo despedimento dun directivo da Corporación.

Na sentenza, ademais de considerar improcedente o despedimento recoñécelle unha indemnización de máis de 170 mil euros nunha decisión xudicial que vai alén diso para afondar na consideración ou non de alta dirección dese posto de traballo o que podería ter consecuencias noutras persoas en idéntica situación.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galega esta sentenza:

1.- Evidencia un proceder na xestión dos recursos humanos absolutamente autoritarias, de ordeno y mando. Cómpre sinalar que a persoa demandante estaba a piques de se xubilar. Xa son dúcias os fallos xudiciais que condenan a CRTVG por actuar de maneira improcedente nas relacións laborais co persoal o que está aumentando a conflitividade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Ese proceder autoritario pagámolo todas as galegas e galegos pois o orzamento da Corporación, tamén o dirixido a sufragar indemnizacións destas características, procede de fondos públicos.

3.- Ligado a todo o anterior, o fallo podería sentar un precedente moi custoso para a Corporación pública.

Alén diso, só nos últimos meses a CRTVG foi obxecto de condena noutras ocasións por vulnerar os dereitos das e dos traballadores da casa como ten denunciado en comisión parlamentaria o noso grupo.

En calquera democracia, feitos tan graves como a condena por vulneración de dereitos fundamentais (caso de Carlos Jiménez) ou esta máis recente por despedimento improcedente, suporían de inmediato a demisión da persoa ou persoas responsábeis de tan graves feitos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai a CRTVG da sentenza á que nos referimos na exposición de motivos desta iniciativa?
- Que consecuencias podería ter alén do caso concreto esta decisión xudicial?
- Vai asumir alguén algunha responsabilidade por feitos tan graves coma este que se suman a outros recentemente sentenciados como a vulneración de dereitos fundamentais e represalias sufridas por un xornalista?
- Vai asumilas directamente o Director Xeral da CRTVG?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2022

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

María González Albert

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/06/2022 09:58:04

María González Albert na data 09/06/2022 09:58:08

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2022 09:58:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados de maio de 2022 o MITECO fixo pública no BOE a actualización do mapa das augas afectadas pola contaminación ocasionada por nitratos e fosfatos de orixe agrogandeira. Inclúe tamén as augas que poderían verse afectadas de non se tomaren medidas.

En concreto sinala tres masas de augas superficiais situadas no Limia en Porto Alto, no río Nocado en Rebordechá, as dúas no concello de Xinzo, e na canle da Lagoa en Vilar de Santos. Sinala mesmamente dúas de augas subterráneas en San Pedro de Laroá (Xinzo) e Cardeita (Sandiás)

Sinala tamén dous puntos no pantano das Conchas, un no curso do río Limia, máis ou menos á altura de Güimil e outro na zona de Porto Quintela e Mugueimes.

Segundo a lexislación vixente, RD47/2022 artigo 3, corresponde ao MITECO a publicación dos mapas coa localización de augas afectadas e daquelas que poidan selo se non se adoptan as medidas pertinentes.

No artigo 4 do anteriormente citado Real Decreto 47/2022 dise que as CCAA designarán coma zonas vulnerables todas as superficies coñecidas do seu territorio en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as escorrentías flúan cara ás augas contempladas anteriormente, e que o prazo para a súa declaración será como máximo de tres anos contados a partir da publicación no BOE do anuncio que trata o artigo 3.4.

O anteriormente exposto é o resultado dun proceso dilatado de ocultación e mala xestión que son responsabilidade do goberno autonómico, pola súa inacción e desleixo interesado.

Están en entredito o bo nome da comarca da Limia, a súa actividade agrícola e gandeira e o seu futuro inmediato e a longo prazo.

O peor de todo é o silencio, a falta de información e a ocultación do tan falado Plan Estratéxico da Limia do que xa hai serias dúbidas que tal Plan Estratéxico exista.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cando pensa o Goberno galego dar a coñecer o Plan Estratéxico da Limia?

-Cal é a razón da ausencia de medidas paliativas e correctoras á contaminación difusa durante estes últimos anos en que xa era unha certeza esta situación que se oficializa con este mapa do MITECO ?

-Que pensa facer o goberno galego ademais das medidas de modernización do regadío e limpeza das canles ?

-Vai declarar, o Goberno galego, zonas vulnerables na comarca da Limia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 09/06/2022 12:11:25

María González Albert na data 09/06/2022 12:11:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/06/2022 12:11:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/06/2022 12:11:47



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A falla de aposta do goberno conservador de Galicia polos servizos públicos corrobórase tamén no ámbito da universidade pública e refléxase en distintos aspectos do Sistema Universitario Galego (SUG), tanto no eido da docencia como no da investigación. É necesario facer compatible o respecto ao principio da autonomía universitaria das universidades públicas galegas cun compromiso decidido da Xunta de Galicia con financiamento e programas para fortalecer o SUG no século XXI.

As universidades públicas galegas requiren financiamento para facer fronte a retos importantes. En particular, detéctase un avellentamento dos cadros docentes das tres universidades públicas galegas onde a renovación e incorporación de profesorado novo son retos non ben resoltos. Como vén de recoller o informe da Fundación Conocimiento y Desarrollo, o 62,9 % do profesorado do SUG ten máis de 50 anos de idade, o que sitúa a Galicia no segundo posto deste ranking por detrás de Canarias. Neste eido, a media estatal atópase no 51 % polo que hai síntomas que alertan no SUG.

Ante esta situación, cómpre rexuvenecer o cadro de profesorado, e tamén dos e das investigadoras do SUG, como unha vía tamén para incorporar novos coñecementos, técnicas e modelos nos diferentes ámbitos de coñecemento, en definitiva, aproveitar a incorporación de PDI máis novo para favorecer a entrada e conexión con novas ideas, teorías e programas de investigación na fronteira do coñecemento. Cómpre un compromiso financeiro máis amplo coa posibilidade de programas específicos dende a Xunta de Galicia en coordinación e acordo co SUG para que este poda incorporar máis profesorado novo e rexuvenecer a plantilla especialmente nas áreas e departamentos do SUG onde máis convén.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que avaliación fai o Goberno galego do avellentamento dos cadros docentes das tres universidades galegas?
2. Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia en coordinación co Sistema Universitario Galego para facer fronte a ese avellentamento e para incorporar novo Persoal Docente e Investigador (PDI)?

Pazo do Parlamento, 9 de xuño do 2022

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2022 17:05:50

Noelia Otero Lago na data 09/06/2022 17:06:00

Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2022 17:06:08



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As Anpa do CEIP da Cruz, Mallón, Carlos Casares, Humberto Juanes e Terra de Turonio remitiron a principios do mes de xuño un escrito conxunto á Consellería de Educación denunciando a pésima calidade da comida neste curso e a falta de auditorías á empresa do catering.

O Concello de Nigrán investiu 373.878 € na construción dunha cociña escolar municipal no CEIP Humberto Juanes para, precisamente, mellorar o servizo en todos os colexios do municipio que se nutren de catering.

As comunidades escolares desta comarca sospeitan que a suba de prezos está a repercutir neste curso nunha peor calidade dos alimentos e na escaseza dos mesmos. Así, segundo as propias ANPAS recollen no seu escrito remitido o 31 de maio deste ano á Xunta de Galicia, o servizo "non é de calidade e moitas veces non cumpre cos pregos de condicións que asinou á Xunta para a súa adxudicación". Entre outros aspectos recollen: "sopa para celíacos conxelada; insuficientes iogures, froita ou bolos de pan; ten chegado sucia a vaixela; pouca froita e nada variada; bolos de pan indebidamente envasados"; en ocasións a comida é insuficiente e hai que repartir entre os comensais a costa de diminuír racións; "as cremas totalmente líquidas, non de culler; lentellas ou tortilla queimadas e pastas ou arroces pasados, ou cru, coma o polo".

Estas queixas son transmitidas puntualmente ao Catering e Servizo de Comedores Escolares sen que obteñan contestación, polo que agora as Anpa solicitaron unha reunión coa Xefatura Territorial da Xunta de Galicia e que se fagan auditorías para comprobar o funcionamento do catering e se tomen medidas.

A proposta das AMPAS e do Concello de Nigrán é a mellora do servizo cun cambio substancial en todos os aspectos: calidade, cantidade e adecuación nutricional, e para iso propoñen o uso da cociña do CEIP Humberto Juanes, que pode humanizar un servizo que a día de hoxe está deshumanizado e que pode incluír pratos que ata agora non se podían polo transporte (100 quilómetros) e o horario no que se ten que cociñar para que chegue a tempo ao centro.



No mesmo municipio está o CEE de Panxón onde se cociña tamén para o CPI Arquitecto Palacios e para a E.I. 'As Dunas'. O menú que se elabora directamente no centro escolar é dunha calidade moi superior aos dos demais colexios que se nutren do sistema de catering.

O grupo parlamentario socialista consideramos que prescindir do sistema de catering actual permitiría ter unha alimentación máis saudable porque se contrarrestaría o uso de alimentos ultraprocesados e privilexaría o uso de produtos frescos e materias primas do comercio local, ademais podería elaborarse menús máis variados e con mellor calidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia empregar a cociña escolar municipal do CEIP Humberto Juanes para mellorar o servizo e os menús en todos os colexios do municipio de Nigrán e da súa contorna que se nutren de catering?
2. Vai a Consellería de Educación a manter unha xuntanza coas AMPA destes colexios antes do inicio do próximo curso?
3. Cando vai realizar a Consellería de Educación auditorías para comprobar o funcionamento da empresa adxudicataria do catering destes centros educativos do municipio de Nigrán e da súa contorna? En caso de facelas, que medidas urxentes vai tomar a Consellería de Educación?

Pazo do Parlamento, 9 de xuño do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/06/2022 17:10:30

Noelia Otero Lago na data 09/06/2022 17:10:38





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/06/2022 17:17:50
Nº Rexistro: 35823
Data envío: 09/06/2022 17:17:50.826

Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2022 17:10:48

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-JBfRgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8093**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego en relación á situación na que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal de Vigo”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Os problemas do sistema de abastecemento de auga a Vigo e á súa área metropolitana son ben coñecidos por todos e as deficiencias que presenta a potabilizadora municipal, reiteradamente ignoradas pola administración local, tamén.

O Concello de Vigo cobra preto de 40M€ ao ano aos vigueses e aos veciños doutros concellos pola xestión da auga. Unha recadación que debía investir en mellorar as infraestruturas.

Todos os estudos realizados ata o momento confirman o que a Xunta leva dicindo 10 anos: o principal problema do sistema de abastecemento de auga a Vigo é a falta de modernización e ampliación da capacidade da potabilizadora municipal.

A Xunta ten o máximo interese en que se adopten as solucións para poder garantir o





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

abastecemento de auga a Vigo a medio e longo prazo. Por ese motivo, participou nun estudo, cofinanciado tamén polo Goberno de España e o Concello de Vigo, para atopar a mellor solución, e unha das conclusións é que a ampliación e modernización da potabilizadora municipal é imprescindible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2022 10:26:16
Nº Rexistro: 35698
Data envío: 07/06/2022 10:26:16.106

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2022 10:26:06

CSV: BOPGDSPG-JBfRgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 25804**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **"o calendario escolar pra o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino"**, (publicada no BOPG número 240 do 13 de decembro de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"As funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade, non da comunidade educativa, o que se realiza para este curso 2021-2022 a través da Orde do 19 de maio de 2021 (DOG nº104 do 4 de xuño).

Pode consultarse no enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

O Goberno central, na disposición final quinta da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que no curso 2021-2022 se implantarán:

a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.



b) As modificacións introducidas nas condicións de titulación de educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e bacharelato.

c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.

d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

Tendo en conta este calendario de implantación, e case un ano despois da aprobación da Lei orgánica, o goberno do Estado publica o Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro (BOE nº275 do 17 de novembro), mudando unha vez comezado o curso escolar as condicións de avaliación, promoción e titulación do alumnado das distintas etapas educativas.

Evidentemente este cambio de regras, unha vez rematada a primeira avaliación parcial nos centros educativos de Galicia, non é unha situación á que se deba someter ao alumnado, ás familias e a profesorado; pero hai que deixar constancia de que non é algo provocado pola Xunta de Galicia, que realizou varios intentos para que se permitise a transitoriedade desta medida durante este curso escolar.

Galicia é unha comunidade autónoma que sempre cumpriu coa normativa estatal, polo que a Consellería desenvolveu o establecido no Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, adaptando o proceso de avaliación e modificando as normas que se opoñan ao establecido nesta norma básica, entre elas o que afecte á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.



Por iso, o 11 de febreiro foi publicada no DOG a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualizou a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-260122-0001_gl.pdf

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:35
Nº Rexistro: 35748
Data envío: 08/06/2022 12:53:35.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:33

CSV: BOPGDSPG-JBfRbgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25803**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **"o calendario escolar pra o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"As funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade, non da comunidade educativa, o que se realiza para este curso 2021-2022 a través da Orde do 19 de maio de 2021 (DOG nº104 do 4 de xuño).

Pode consultarse no enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

O Goberno central, na disposición final quinta da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que no curso 2021-2022 se implantarán:

a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.



b) As modificacións introducidas nas condicións de titulación de educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e bacharelato.

c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.

d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

Tendo en conta este calendario de implantación, e case un ano despois da aprobación da Lei orgánica, o goberno do Estado publica o Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro (BOE nº275 do 17 de novembro), mudando unha vez comezado o curso escolar as condicións de avaliación, promoción e titulación do alumnado das distintas etapas educativas.

Evidentemente este cambio de regras, unha vez rematada a primeira avaliación parcial nos centros educativos de Galicia, non é unha situación á que se deba someter ao alumnado, ás familias e a profesorado; pero hai que deixar constancia de que non é algo provocado pola Xunta de Galicia, que realizou varios intentos para que se permitise a transitoriedade desta medida durante este curso escolar.

Galicia é unha comunidade autónoma que sempre cumpriu coa normativa estatal, polo que a Consellería desenvolveu o establecido no Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, adaptando o proceso de avaliación e modificando as normas que se opoñan ao establecido nesta norma básica, entre elas o que afecte á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.



Por iso, o 11 de febreiro foi publicada no DOG a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualizou a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-260122-0001_gl.pdf

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:42
Nº Rexistro: 35749
Data envío: 08/06/2022 12:53:42.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:39

CSV: BOPGDSPG-JBfRgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25802**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **"o calendario escolar pra o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

"As funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado son competencia da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade, non da comunidade educativa, o que se realiza para este curso 2021-2022 a través da Orde do 19 de maio de 2021 (DOG nº104 do 4 de xuño).

Pode consultarse no enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

O Goberno central, na disposición final quinta da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que no curso 2021-2022 se implantarán:

a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das



diferentes etapas educativas.

b) As modificacións introducidas nas condicións de titulación de educación secundaria obrigatoria, ciclos formativos de grao básico e bacharelato.

c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.

d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

Tendo en conta este calendario de implantación, e case un ano despois da aprobación da Lei orgánica, o goberno do Estado publica o Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro (BOE nº275 do 17 de novembro), mudando unha vez comezado o curso escolar as condicións de avaliación, promoción e titulación do alumnado das distintas etapas educativas.

Evidentemente este cambio de regras, unha vez rematada a primeira avaliación parcial nos centros educativos de Galicia, non é unha situación á que se deba someter ao alumnado, ás familias e a profesorado; pero hai que deixar constancia de que non é algo provocado pola Xunta de Galicia, que realizou varios intentos para que se permitise a transitoriedade desta medida durante este curso escolar.

Galicia é unha comunidade autónoma que sempre cumpriu coa normativa estatal, polo que a Consellería desenvolveu o establecido no Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, adaptando o proceso de avaliación e modificando as normas que se opoñan ao establecido nesta norma básica, entre elas o que afecte á Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.



Por iso, o 11 de febreiro foi publicada no DOG a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualizou a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-260122-0001_gl.pdf

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:48
Nº Rexistro: 35750
Data envío: 08/06/2022 12:53:48.910

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:46

CSV: BOPGDSPG-JBfRbgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34296**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense"**, (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a tramitar un expediente de resolución de contrato, suxeito aos prazos regulamentarios establecidos pola Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público.

Así mesmo, iniciáronse as actuacións para proceder á licitación da nova contratación, coa elaboración do proxecto modificado para realizar unha nova licitación das obras. Neste proxecto non haberá alteracións arquitectónicas nin urbanísticas respecto ao proxecto orixinal, tan só a variación derivada do incremento do orzamento de execución material do proxecto inicial. Esta variación vén motivada, fundamentalmente, pola actualización xeral dos prezos debido á alza destes no tempo transcorrido entre a redacción do proxecto inicial (ano 2019) e esta nova fase de licitación da obra.

O expediente de resolución de contrato está en trámite de requirimento de documentación á empresa adxudicataria para poder proceder á fase de liquidación final da obra, polo que non se publicará no Perfil de Contratos de Galicia ata que estea rematado o procedemento de resolución.





A licitación do novo contrato publicarase cando se teña resolto o contrato en vigor, por tratarse dunha nova licitación.

Cómpre realizar un reaxuste de anualidades entre os exercicios 2022 e 2023, acompasando os importes orzados ás contías de execución previstas.

O proxecto para a continuidade das obras ten previsto un prazo de execución de 13 meses dende o seu comezo.

En canto a xestión do centro, a Consellería de Política Social e Xuventude xa se comprometeu a que o CAPD de Ourense fose un centro público.

Polo que se refire á dotación de equipamento para o centro, realizarase a licitación de maneira simultánea á execución das obras de construción, para que unha vez finalizadas estas, os distintos elementos estean subministrados e instalados para o funcionamento do centro.

Dende a paralización dos traballos por parte da empresa, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das obras realizan visitas periódicas para verificar o estado correcto do que xa está construído.

A suspensión por parte da empresa adxudicataria produciuse cando estaba executada unicamente a estrutura de formigón do edificio polo que non hai materias especialmente sensibles ao deterioro durante o procedemento para o reinicio das obras.





No mes de agosto de 2021, cando a UTE solicita a paralización da obra, aducindo aumentos descontrolados dos prezos dos materiais de construción e materias primas.

Ademais do seguimento da execución da obra por parte dos facultativos da Consellería, Dirección de obra e Dirección de coordinación de seguridade e saúde, o órgano de contratación mantivo diversas reunións cos representantes da UTE para o seguimento da obra, así como para instalos ao cumprimento dos prazos establecidos no programa de traballo.

Dende o mes de abril de 2018, no que o Concello de Ourense asinou o convenio de cesión da parcela na que se está a construír o centro, a Consellería de Política Social e Xuventude non estivo alongando ningún prazo e sempre se actuou con transparencia, dando razón dos verdadeiros motivos das decisións e das actuacións que se foron sucedendo ata hoxe.

En canto se acordou a cesión do terreo, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio realizou os trámites administrativos correspondentes para a inscrición da finca no rexistro da propiedade e no inventario de patrimonio da Xunta, adscribindo o inmovible á Consellería de Política Social e Xuventude. Así mesmo, iniciouse un procedemento para, a través dun concurso de ideas, seleccionar o deseño do edificio. Esta actuación fíxose, precisamente, para procurar acadar a mellor solución arquitectónica e que ademais atendera ás demandas das persoas con discapacidade e as súas familias de Ourense, en particular as que se xuntaban entorno á plataforma.



Todo este traballo: convocar o concurso; valorar por un xurado de expertos as ideas presentadas e que o estudo gañador realizase o proxecto arquitectónico do centro, tivo os seus prazos. Dispúxose dun proxecto definitivo, e xa revisado polos técnicos da Consellería de Política Social e Xuventude, despois do verán de 2019. O traballo investido foi ben empregado e mereceu a pena porque o proxecto foi público e non xerou ningún tipo de controversia. O centro conta cun deseño moderno, que se adapta ás necesidades das persoas que van a residir nel, e recolle as mellores calidades para garantir o confort de traballadores, usuarios e as súas familias.

O procedemento de licitación iniciouse inmediatamente, a finais de agosto dese ano, e publicouse a licitación no mes de outubro. Estamos a falar dun procedemento de licitación dun contrato de obra dun orzamento de 8.104.847,26 €, que é do tipo aberto e suxeito a regulación harmonizada; e que se debe axustar aos prazos establecidos na Lei 9/2017, do 8 de outubro, de contratos do sector público, para este tipo de contratos.

No Perfil do contratante consta o cronograma detallado de todo o actuado, no que se reflicte que non houbo dilación para adxudicar o contrato á UTE 'Construcciones Alea SL y Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones SL' o 3 de marzo de 2020, por un importe de 7.659.080,66 € (IVE engadido). Tras o prazo legal de 15 días de espera para a formalización do contrato que establece a Lei de contratos neste tipo de procedementos, o 14 de marzo publicouse o Real decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, cuxa disposición adicional terceira suspendeu o termo e interrompeu todos os prazos administrativos. Cando se levantaron estas





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

suspensións polo Real decreto 537/2020, no mes xuño de 2020, formalizouse o contrato e tras o acto de reformulo iniciouse a execución do contrato que, cunha duración de 18 meses, debería rematar en febreiro de 2022. Non existe dúbida da subida do prezo das materias primas básicas de construción e dos materiais durante o ano 2021. Tanto dende a perspectiva da obra pública como da dos particulares é coñecida esta subida, xunto cos atrasos nos subministros debido, entre outras causas, aos desaxustes da fabricación e distribución ocasionados polo parón da economía que produciu a pandemia.

Polo que atinxe á información e participación facilitada ás familias dos futuros usuarios do CAPD de Ourense, a Consellería de Política Social e Xuventude e a Delegación Territorial da Xunta de Galicia nesa cidade sempre lle deron resposta coa información que se tiña en cada momento. Ademais, mantivéronse reunións e contactos para dar a coñecer a situación do centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:29
Nº Rexistro: 35747
Data envío: 08/06/2022 12:53:29.645

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:27

CSV: BOPGDSPG-JBfRgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34491**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os tempos de agarda para a valoración do grao de discapacidade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión xa foi abordada polo director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, en resposta oral a unha pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Comisión 5ª do pasado día 2 de xuño de 2022.

Tal e como indicou no seu relatorio, para reducir os tempos de resposta ante as solicitudes, a Xunta de Galicia estableceu dende 2018 un plan de acción para a mellora do procedemento oficial de recoñecemento da discapacidade, baseado en tres eixes fundamentais:

1. Reforzo de persoal
2. Simplificación administrativa
3. Incremento orzamentario

A través deste plan, puxéronse en marcha importantes medidas de reforzo de



persoal ao tempo que se realizaron outras melloras de carácter estrutural. Entre estas últimas cómpre salientar: a revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación á que se poida ter acceso se o solicitante autoriza á súa consulta. Tamén se apostou por potenciar a utilización da Historia Social Única no procedemento de discapacidade; dar prioridade a determinadas patoloxías; ou por mellorar tanto a xestión como a notificación das citas; ademais de implantar a confirmación das mesmas a través de SMS.

As medidas de reforzo de persoal levadas a cabo permitiron a contratación de distintos profesionais médicos, psicólogos e de traballo social para a posta en marcha de 17 novos equipos multidisciplinares de valoración da discapacidade.

Este reforzo supuxo un incremento do 89% sobre o número de equipos existentes previamente que, en conxunto co resto de accións establecidas, resultou unha medida moi efectiva para aumentar o número de expedientes resoltos na valoración da discapacidade. De feito, no ano 2021 acadouse a cifra récord de 36.137 valoracións; o que supón un 58% máis que catro anos atrás.

En canto ao número de expedientes pendentes de valoración, indicar que esta cifra depende do volume de solicitudes; se son expedientes iniciais de valoración ou de revisión; do criterio de urxencia na tramitación ou dos recoñecementos temporais debido á posibilidade de melloría e do seu tempo de vixencia, entre outros factores. O tempo medio de tramitación das solicitudes urxentes atópase nos 138 días, diminuíndo un 40,5% dende o ano 2018.



Outro dos eixos do traballo para a mellora deste proceso e o incremento da financiación. Neste senso o compromiso da Xunta coa discapacidade tamén é irrefutable, como o amosa que o investimento neste 2022 en atención á discapacidade ascende a 142 millóns de euros, a máis elevada da historia da autonomía.

Así mesmo, Galicia incrementou nun 30% o número de prazas a atención á discapacidade desde 2009, ata chegar ás 5.500 actuais; e ás que se engadirán nos próximos meses outras 280 prazas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:23
Nº Rexistro: 35746
Data envío: 08/06/2022 12:53:23.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:20

CSV: BOPGDSPG-JBfRbgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34521**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coas demandas trasladadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias na xuntanza da comisión de cooperación local do 19 de febreiro de 2021"**, (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) consideraron conxuntamente a necesaria revisión do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) dentro dun acordo plurianual estable. Este acordo permite a actualización da achega que fai a Administración autonómica a esta prestación, que subirá un 24% ao longo desta lexislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024:

- Desde a firma do acordo (con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2021) ata o 31 de decembro de 2022: 11 euros/hora.
- Entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023: 11,5 euros/hora.
- Do 1 de xaneiro de 2024 en diante, permanecendo vixente como mínimo ata o 31 de decembro de 2024: 12 euros/hora.

O SAF é un servizo moi demandado que se viu moi reforzado ao longo dos anos. A Xunta incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo.





Por outra banda, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024 finalizou o seu proceso de formulación o pasado 27 de decembro de 2021, coa sinatura do texto definitivo por parte da Xunta de Galicia, a Fegamp e as entidades sociais que participaron na súa elaboración (EAPN, Cáritas, Cruz Vermella e ONCE).

Para o ano 2021, a Axenda Social Única dotouse de 402.181.345 euros para o desenvolvemento das súas medidas, e anualmente actualizárase o contido do documento (tanto as medidas como o orzamento) para referilo ás previsións de cada exercicio.

Entre as medidas que inclúe xa se atopan as que se solicitan na pregunta, que mais en concreto son as seguintes :

- Creación dun grupo de traballo específico dentro do marco da Axenda Social Única entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e o Terceiro Sector para estudar a situación dos Servizos sociais en Galicia, co obxecto de coñecer as súas necesidades e mellorar a calidade de atención ás persoas usuarias.
- O reforzo e mellora da calidade dos servizos sociais comunitarios galegos, mediante o incremento do financiamento para a contratación de profesionais e desenvolvemento de programas; así como a actualización dos módulos económicos do persoal deses servizos, a través do Plan Concertado.

Esta medida xa se fixo efectiva no ano 2021, destinando 12,2 millóns de euros a cofinanciar gastos de persoal, o que supuxo un incremento con respecto ao ano anterior de 1,3 millón de euros (12% de incremento). Dito incremento, permitiu o cofinanciamento de 92 novos postos de traballo, beneficiando a 85 concellos de Galicia.

Hai que ter en conta tamén que a última convocatoria da Orde de axudas a concellos para





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

realizar programas de inclusión ascendeu a 6,2 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun 11% con respecto á convocatoria anterior. Este financiamento aos concellos supón, ademais da realización de programas, a contratación de aproximadamente 80 profesionais.

- E o antes sinalado reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a persoas dependentes para mellorar a cobertura e calidade do servizo, mediante o incremento da dotación orzamentaria destinada á súa prestación, directa ou indirectamente, por parte dos concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:16
Nº Rexistro: 35745
Data envío: 08/06/2022 12:53:16.770

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:13

CSV: BOPGDSPG-JBfRbgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34552**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes e tempos de agarda para a avaliación da discapacidade"**, (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión xa foi abordada polo director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, Antón Acevedo, en resposta oral a unha pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Comisión 5ª do pasado día 2 de xuño de 2022. Así mesmo, este tema centrou a resposta escrita á pregunta do Grupo Parlamentario do BNG número de rexistro 34491.

Tal e como se indicou tanto en Comisión como na resposta escrita antes sinalada, para reducir os tempos de resposta ante as solicitudes, a Xunta de Galicia estableceu dende 2018 un plan de acción para a mellora do procedemento oficial de recoñecemento da discapacidade, baseado en tres eixes fundamentais:

1. Reforzo de persoal
2. Simplificación administrativa
3. Incremento orzamentario

A través deste plan, puxéronse en marcha importantes medidas de reforzo de persoal ao





tempo que se realizaron outras melloras de carácter estrutural. Entre estas últimas cómpre salientar: a revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación á que se poida ter acceso se o solicitante autoriza á súa consulta. Tamén se apostou por potenciar a utilización da Historia Social Única no procedemento de discapacidade; dar prioridade a determinadas patoloxías; ou por mellorar tanto a xestión como a notificación das citas; ademais de implantar a confirmación das mesmas a través de SMS.

As medidas de reforzo de persoal levadas a cabo permitiron a contratación de distintos profesionais médicos, psicólogos e de traballo social para a posta en marcha de 17 novos equipos multidisciplinares de valoración da discapacidade.

Este reforzo supuxo un incremento do 89% sobre o número de equipos existentes previamente que, en conxunto co resto de accións establecidas, resultou unha medida moi efectiva para aumentar o número de expedientes resoltos na valoración da discapacidade. De feito, no ano 2021 acadouse a cifra récord de 36.137 valoracións; o que supón un 58% máis que catro anos atrás.

En canto ao número de expedientes pendentes de valoración, indicar que esta cifra depende do volume de solicitudes; se son expedientes iniciais de valoración ou de revisión; do criterio de urxencia na tramitación ou dos recoñecementos temporais debido á posibilidade de melloría e do seu tempo de vixencia, entre outros factores. O tempo medio de tramitación das solicitudes urxentes atópase nos 138 días, diminuindo un 40,5% dende o ano 2018.

Outro dos eixos do traballo para a mellora deste proceso e o incremento da financiación. Neste senso o compromiso da Xunta coa discapacidade tamén é irrefutable, como o amosa que o investimento neste 2022 en atención á discapacidade ascende a 142 millóns de euros, a máis elevada da historia da autonomía.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Así mesmo, Galicia incrementou nun 30% o número de prazas a atención á discapacidade desde 2009, ata chegar ás 5.500 actuais; e ás que se engadirán nos próximos meses outras 280 prazas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:53:08
Nº Rexistro: 35744
Data envío: 08/06/2022 12:53:08.879

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:53:05

CSV: BOPGDSPG-JBfRbgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a razón de que o servizo de transporte escolar do centro público integrado San Vincenzo de A Baña non funcionase o 16 de maio de 2022"**, (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O incidente puntual ao que se refire a iniciativa estivo motivado por un erro na información relativo aos días non lectivos de libre elección do centro escolar. En calquera caso, esa mesma mañá, tras a chamada da dirección do centro, a empresa concesionaria enviou, de forma inmediata, aos vehículos a facer as rutas, aínda que, debido ao atraso, a maioría dos alumnos xa acudiran ao centro polos seus propios medios. Todas as expedicións de saída foron realizadas con normalidade. Para evitar que un erro destas características volviera a repetirse, solicitouse aos centros que comunicaran por escrito anualmente á operadora os días non lectivos de libre elección dos centros escolares".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2022 12:52:54
Nº Rexistro: 35743
Data envío: 08/06/2022 12:52:54.880

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2022 12:52:46

CSV: BOPGDSPG-JBfRgW2Q-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

